

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

8187 *Lei 11/2013, do 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

A economía española está caracterizada polo seu dinamismo, tal e como quedou demostrado no espectacular desenvolvemento das últimas décadas. Nese tempo incrementouse a súa integración a nivel internacional, o que permitiu beneficiarse de maiores oportunidades de crecemento.

Neste proceso de desenvolvemento viéronse acumulando desequilibrios económicos e financeiros. España avanzou en 2012 cara á corrección das súas vulnerabilidades ao aplicar unha estratexia de política económica que persegue a transición cara a un equilibrio sustentable e sentar as bases dun crecemento que permita xerar emprego.

Neste contexto, as reformas estruturais que se aplican en España desde principios de 2012 perseguen tres obxectivos principais: en primeiro lugar, dotar a economía española de estabilidade macroeconómica tanto en termos de déficit público e inflación como de equilibrio exterior. En segundo lugar, lograr unhas entidades financeiras sólidas e solventes que permitan volver canalizar o crédito cara ao investimento produtivo. Finalmente, conseguir un alto grao de flexibilidade que permita axustar os prezos e salarios relativos, de forma que se consiga aumentar a competitividade da nosa economía.

A partir deste conxunto de actuacións superáronse algúns dos obstáculos fundamentais para a reactivación económica. En calquera caso, cómpre continuar co esforzo reformista para recuperar a senda do crecemento económico e a creación de emprego.

Por isto, para os efectos de desenvolver a terceira área da citada estratexia de política económica, ademais de manter e culminar as actuacións xa iniciadas dáse comezo a unha segunda xeración de reformas estruturais necesarias para volver crecer e crear emprego.

Dentro do tecido empresarial español, destacan pola súa importancia cuantitativa e cualitativa as pemes e os autónomos. Os estudos demostran que precisamente este tipo de empresas e emprendedores constitúen un dos principais motores para dinamizar a economía española, dada a súa capacidade de xerar emprego e o seu potencial de creación de valor.

Non obstante, durante os últimos anos estes axentes económicos rexistraron un descenso da actividade económica e tiveron que desenvolver a súa actividade nun ámbito laboral, fiscal, regulatorio e financeiro que minguou a súa capacidade de adaptación aos cambios. Ademais, véñense enfrontando a unha dependencia estrutural do financiamento de orixe bancaria que pode limitar, en circunstancias como as actuais, a súa capacidade de expansión.

O marco regulatorio e institucional en que se desenvolven as actividades empresariais resulta de esencial importancia para impulsar ganancias de produtividade e optimizar os recursos.

Por isto, é imprescindible que desde as administracións públicas se potencie e se facilite a iniciativa empresarial, especialmente na conxuntura económica actual. É necesario o establecemento dun contorno que promova a cultura emprendedora, así como a creación e o desenvolvemento de proxectos empresariais xeradores de emprego e de valor engadido.

O apoio á iniciativa emprendedora, ao desenvolvemento empresarial e á creación de emprego é a lóxica común que vertebra o conxunto de medidas que se recollen nesta lei.

Neste sentido, na presente lei adóptanse medidas, con carácter de urxencia, dirixidas a desenvolver a Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade, a fomentar o financiamento empresarial a través de mercados alternativos, a reducir a morosidade nas operacións comerciais e, en xeral, a fomentar a competitividade da economía española.

II

O desemprego xuvenil en España é un problema estrutural, que se viu agravado pola crise e que presenta graves consecuencias para a situación presente e futura da mocidade española e limita o crecemento potencial da economía española a longo prazo.

Durante o terceiro trimestre de 2012, España rexistrou unha taxa de desemprego do 54,1 % para os mozos menores de 25 anos, fronte ao 23 % da UE-27, segundo datos de Eurostat.

Se atendemos á desagregación dos datos da Enquisa de poboación activa (EPA) para o cuarto trimestre de 2012, a taxa de paro sitúase no 74 % no grupo de poboación composto por mozos de entre 16 e 19 anos, no 51,7 % entre os mozos con idades abrangidas entre os 20 e os 24 anos, e no 34,4 % entre os mozos que teñen entre 25 e 29 anos.

Ademais das circunstancias derivadas da conxuntura económica actual, existe un conxunto de debilidades estruturais que inflúen directamente nas cifras de desemprego da mocidade e sobre as cales se propón traballar, tales como a alta taxa de abandono escolar, que dobra os valores da UE-27; a marcada polarización do mercado de traballo, onde uns mozos abandonan os seus estudos con escasa cualificación e outros, altamente cualificados, están subempregados; o escaso peso relativo da formación profesional de grao medio e a baixa empregabilidade dos mozos, especialmente no relativo ao coñecemento de idiomas estranxeiros; a alta temporalidade e contratación parcial non desexada; a dificultade de acceso ao mercado laboral dos grupos en risco de exclusión social e a necesidade de mellorar o nivel de autoemprego e iniciativa empresarial entre a mocidade.

O título I desenvolve a Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade 2013-2016, que se enmarca no obxectivo de impulsar medidas dirixidas a reducir o desemprego xuvenil, xa sexa mediante a inserción laboral por conta allea ou a través do autoemprego e o emprendemento, e é o resultado dun proceso de diálogo e participación cos interlocutores sociais.

Ademais, responde ás recomendacións que, en materia de emprego para a mocidade, realizou a Comisión Europea e enmárcase no Plan nacional de reformas posto en marcha polo Goberno. Desta forma, está en liña cos obxectivos da «Garantía xuvenil» europea e desenvolve boa parte das recomendacións específicas ou liñas de actuación que se propoñen desde os ámbitos da Unión Europea.

Os seus obxectivos pasan por mellorar a empregabilidade da mocidade, aumentar a calidade e a estabilidade do emprego, promover a igualdade de oportunidades no acceso ao mercado laboral e fomentar o espírito emprendedor. Os eixes sobre os cales se vertebra a estratexia son: incentivar a contratación e a iniciativa empresarial entre a mocidade, adecuar a educación e a formación que reciben á realidade do mercado de traballo e reducir a taxa de abandono escolar temperán.

Para facelo posible, a estratexia contén unha serie de medidas encamiñadas a favorecer a inserción laboral da mocidade, xa sexa por conta allea ou a través do emprendemento, que se clasifican en función do seu impacto e o seu desenvolvemento temporal.

A estratexia pretende servir de canle de participación a todas as institucións públicas e privadas, ás empresas e a todo tipo de organizacións que queiran colaborar en alcanzar os seus obxectivos.

Para isto, articulouse como un instrumento aberto, ao cal se poderán sumar todos aqueles que queiran contribuír coas súas propias iniciativas a facer fronte ao reto do emprego xuvenil en calquera das súas formas, do emprendemento e o autoemprego, e contará cun selo ou distintivo que poderá ser utilizado en recoñecemento da súa contribución.

Este conxunto de medidas deseñouse tras un proceso de diálogo e participación cos interlocutores sociais. Igualmente, realizáronse consultas ás principais entidades e asociacións do traballo autónomo e da economía social, entre outras.

Nesta lei desenvólvese un primeiro conxunto de medidas que se espera que teñan un impacto positivo á hora de reducir a taxa de desemprego xuvenil e de mellorar a calidade e a estabilidade no emprego.

No capítulo I do título I adóptanse medidas para fomentar o emprendemento e o traballo por conta propia entre os mozos menores de 30 anos, entre as cales destacan a implantación dunha cota inicial reducida, a compatibilización da prestación por desemprego co inicio dunha actividade por conta propia ou a ampliación das posibilidades de aplicación da capitalización da prestación por desemprego.

De forma complementaria, no capítulo II establécese un marco fiscal máis favorable para o autónomo que inicia unha actividade emprendedora co obxectivo de incentivar a creación de empresas e reducir a carga impositiva durante os primeiros anos de exercicio dunha actividade.

Así, no ámbito do imposto sobre sociedades establécese un tipo de gravame do 15 por cento para os primeiros 300.000 euros de base imponible, e do 20 por cento para o exceso sobre o dito importe, aplicable no primeiro período impositivo en que a base imponible das entidades resulta positiva e no período impositivo seguinte a este.

En consonancia co anterior, no imposto sobre a renda das persoas físicas, coa finalidade de fomentar o inicio da actividade emprendedora, establécese unha nova redución do 20 por cento sobre os rendementos netos da actividade económica obtidos polos contribuíntes que iniciasen o exercicio dunha actividade económica, aplicable no primeiro período impositivo en que o rendimento neto resulte positivo e no período impositivo seguinte a este.

Tamén, no ámbito do imposto sobre a renda das persoas físicas, se suprime o límite actualmente aplicable á exención das prestacións por desemprego na modalidade de pagamento único.

O capítulo III contén medidas destinadas a incentivar a incorporación de mozos ás empresas da economía social, así como estímulo á contratación de mozos en situación de desemprego. Entre estes últimos, destacan os incentivos destinados á contratación a tempo parcial con vinculación formativa, á contratación indefinida dun mozo por microempresas e empresarios autónomos e á contratación en prácticas.

Ademais, estímúlase a contratación, por parte de mozos autónomos, de parados de longa duración maiores de 45 anos e a contratación de mozos para que adquiran unha primeira experiencia profesional.

O capítulo IV incorpora medidas relacionadas coa mellora da intermediación laboral, cuxa eficacia fai necesario eliminar calquera traba que obstaculice a rápida cobertura dos postos de traballo dispoñibles, permitindo que calquera persoa teña coñecemento das ofertas de emprego. Por isto prevese que os servizos públicos de emprego rexistren todas as ofertas e demandas de emprego na base de datos do Sistema de información dos servizos públicos de emprego, regulado na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego. Así garantírase a difusión desta información a todos os cidadáns, empresas e administracións públicas, como garantía de transparencia e unidade de mercado.

Na mesma liña de mellora da intermediación laboral, inclúese nesta lei unha modificación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, que lles permitirá ao Servizo público de

emprego estatal e aos órganos de contratación competentes das comunidades autónomas e dos organismos e entidades dependentes delas e integrados no Sistema nacional de emprego conclúren de forma conxunta acordos marco co fin de fixar as condicións a que se deberán axustar os contratos de servizos que se consideren oportunos para facilitar aos servizos públicos de emprego a intermediación laboral.

III

Articúlanse no título II diversas medidas de fomento do financiamento empresarial, que exixen a súa adopción de maneira urxente dada a actual conxuntura económica.

Efectúase unha modificación do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados para recoller a posibilidade de que as entidades aseguradoras poidan investir en valores admitidos a negociación no mercado alternativo bolsista, e que estes investimentos sexan considerados aptos para a cobertura de provisións técnicas.

Na mesma liña, o Regulamento de plans e fondos de pensións modifícase para recoller a posibilidade de que os fondos de pensións poidan investir en valores admitidos a negociación no mercado alternativo bolsista, así como en entidades de capital risco, establecendo un límite máximo específico do 3% do activo do fondo para o investimento en cada entidade.

Por último, para facilitar o acceso ao financiamento non bancario das empresas españolas, cómpre levantar a limitación imposta no artigo 405 da Lei de sociedades de capital, pola que o importe total das emisións das sociedades non pode ser superior ao capital social desembolsado, máis as reservas. A modificación levanta esta limitación para investimento en sistemas multilaterais de negociación (en liña co que xa se produce cos mercados regulados). Esta flexibilización só se aplicará naqueles casos en que as emisións vaian dirixidas a investidores institucionais, para asegurar unha adecuada protección dos investidores retailistas. Desta forma contribúese de maneira substancial ao desenvolvemento dos mercados alternativos, articulados como sistemas multilaterais de negociación, e, en liña cos proxectos en marcha de mellora do financiamento das pemes españolas, facilítase a aparición de mercados especializados na negociación de débeda de empresas.

IV

Co obxecto de aliviar a difícil situación económica que atravesan algunhas entidades locais e algunhas comunidades autónomas, o Goberno aprobou o pasado ano o Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais, que posteriormente se fixo extensible ás comunidades autónomas mediante un acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira do 6 de marzo de 2012. Así mesmo, creouse o Fondo para o Financiamento de Pagamentos a Provedores, mediante o Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo.

A citada normativa estableceu un mecanismo extraordinario de financiamento para o pagamento e cancelación das débedas contraídas cos provedores das entidades locais e comunidades autónomas que permitía o pagamento das débedas que tiñan cos contratistas, ao mesmo tempo que se lles facilitaba ás administracións públicas endebedadas a formalización de préstamos a longo prazo, aínda que coa existencia dunha condicionalidade fiscal e financeira que se concretou, entre outros elementos, no requisito de dispoñer de plans de axuste.

Mediante as disposicións contidas no capítulo I do título III da presente lei establécese unha nova fase do citado mecanismo ao mesmo tempo que se amplía o seu ámbito subxectivo e obxectivo de aplicación e se establecen algunhas especialidades do procedemento necesarias para esta nova fase.

Deste maneira, inclúense as mancomunidades de municipios e as entidades locais que se encontran no País Vasco e Navarra.

Con respecto ao ámbito obxectivo de aplicación, inclúense, entre outras, as obrigas pendentes de pagamento derivadas de convenios, concesións administrativas,

encomendas de xestión en que a entidade encomendada teña atribuída a condición de medio propio e servizo técnico da Administración, dos contratos de arrendamento sobre bens inmoables, dos contratos previstos na Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, dos contratos de concesión de obras públicas, de colaboración entre o sector público e o sector privado e de contratos de xestión de servizos públicos, na modalidade de concesión, nos cales se tivese pactado unha subvención a cargo das entidades locais ou comunidades autónomas.

Por outra parte, nesta ampliación poderanse incluír exclusivamente aquelas obrigas pendentes de pagamento a contratistas que estivesen contabilizadas e aplicadas aos orzamentos.

A sección 1.^a de disposicións xerais regula o obxecto do capítulo primeiro, que se concreta na ampliación dos ámbitos subxectivo e obxectivo do mecanismo de financiamento para o pagamento a provedores, así como o establecemento das especialidades necesarias.

A sección 2.^a sobre disposicións aplicables ás entidades locais regula o ámbito subxectivo e obxectivo de aplicación, de acordo cos criterios antes citados, e establece as especialidades relativas ao procedemento para a subministración de información, con especial atención ás mancomunidades de municipios, e aos plans de axuste.

A sección 3.^a de disposicións aplicables ás comunidades autónomas establece o ámbito subxectivo e obxectivo de aplicación, as especialidades procedementais relativas á subministración de información e ao pagamento de facturas, a necesaria revisión dos plans de axuste conforme as novas operacións de crédito concertadas, así como o modo de cancelación das obrigas pendentes de pagamento que teñan financiamento afectado.

Por outra parte, a morosidade no pagamento de débedas contractuais entre empresas, o mesmo que entre estas e as administracións públicas, e os prazos de pagamento veñen sendo obxecto de especial atención tanto na Unión Europea coma no noso país. A razón desta preocupación obedece aos efectos negativos que tanto esa morosidade como uns prazos de pagamento excesivamente longos teñen sobre o emprego, a competitividade e a propia supervivencia das empresas.

Froito do anterior foi a aprobación da Directiva 2000/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de xuño de 2000, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, que España traspuxo ao noso ordenamento xurídico a través da Lei 3/2004, do 29 de decembro.

Ao mesmo tempo que a Unión Europea comezaba a revisión da Directiva 2000/35/CE, España tamén abordou a modificación da nosa lei, a cal se plasmou na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Desta forma anticipáronse diversas medidas que posteriormente se incluíron na Directiva 2011/7/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de febreiro de 2011, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, que veu substituír a anterior Directiva do ano 2000. Así ocorreu cos prazos de pagamento, incluídos os do sector público.

Aínda que o dereito español despois da modificación indicada cumpre, en liñas xerais, coas novas exigencias da Unión Europea, hai determinados aspectos en que existe algunha diverxencia que fai ineludible a reforma da Lei 3/2004, do 29 de decembro, que se acomete no capítulo segundo do título III da presente lei.

Entre as modificacións que agora se operan, en primeiro termo encóntrase a determinación dos prazos de pagamento, que é obxecto de simplificación. Precísanse tanto os prazos de pagamento como o cómputo destes, coa novidade da previsión de procedemento de aceptación ou de comprobación, que se deben regular para impedir a súa utilización coa finalidade de atrasar o pagamento.

Incorpórase a previsión relativa aos calendarios de pagamento e como se calcularán os xuros en caso de que algún dos pagamentos non se aboe na data pactada.

Refórmase tamén o tipo legal de xuro de demora que o debedor estará obrigado a pagar, que pasa de sete a oito puntos porcentuais que se deben sumar ao tipo de xuro aplicado polo Banco Central Europeo á súa máis recente operación principal de financiamento.

Na indemnización por custos de cobramento prevese que en todo caso se lle debe aboar ao acredor unha cantidade fixa de 40 euros, sen necesidade de petición previa, que se engadirán á que resulte da reclamación que segue e que lle corresponde polos gastos en que se incorreu para conseguir o cobramento da cantidade debida. Ademais, desaparece o anterior límite desta indemnización, que non podía superar o 15 por cento da débeda principal. Nesta indemnización poderanse incluír, entre outros, os gastos que a mora comportou para o acredor pola contratación dun avogado ou dunha axencia de xestión de cobramento.

Outra novidade consiste precisamente na inclusión entre as cláusulas abusivas, e por tanto nulas, como regula a Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais da contratación, daquelas que exclúan a indemnización por custos de cobramento, as cales serán contrarias á lei, salvo que o debedor demostrase que a dita exclusión non é abusiva. Xunto con esas cláusulas, a previsión de que a infracción desta lei se produza a través de prácticas comerciais, que tamén reciben a cualificación de abusivas e terán o mesmo réxime de impugnación.

V

A situación económica actual presenta a necesidade de que se intensifiquen as medidas de racionalización do sector ferroviario para lograr a máxima eficiencia na xestión dos servizos e impulsar os procesos de liberalización xa iniciados.

Co obxecto de lograr os citados fins, así como unificar a xestión das infraestruturas ferroviarias estatais, considérase necesario traspasar á entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) a rede ferroviaria de titularidade estatal. Desta forma, as infraestruturas ferroviarias e estacións que constitúen a rede de titularidade do Estado cuxa administración ADIF ten encomendada pasarán a ser de titularidade desta, co cal se unifica a titularidade coas funcións de administración da rede en beneficio da eficacia.

Por outro lado, o Real decreto lei 22/2012, do 20 de xullo, polo que se adoptan medidas en materia de infraestruturas e servizos ferroviarios, prevé a reestruturación de Renfe-Operadora en catro sociedades mercantís que asumirán as diferentes funcións que ten encomendadas, entre elas o transporte de viaxeiros e mercadorías. Para que estas poidan operar, de acordo coa Lei do sector ferroviario, no momento en que efectivamente se constitúan, é necesario que contén coa correspondente licenza de empresa ferroviaria, certificado de seguridade e que se lles asigne a capacidade de infraestrutura necesaria.

Introdúcense tamén determinadas modificacións na Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario. En primeiro lugar, procédese a dar cumprimento á Sentenza 245/2012, do 18 de decembro de 2012, do Tribunal Constitucional, respecto á determinación da rede ferroviaria de interese xeral. Débese salientar a previsión do próximo establecemento dun catálogo das liñas e tramos da rede ferroviaria de interese xeral que será aprobado polo Ministerio de Fomento logo de audiencia das comunidades autónomas por cuxo territorio discorra a dita rede. Con carácter transitorio, mentres non se produza o establecemento do catálogo das liñas e tramos da rede ferroviaria de interese xeral, considerarase que esta se compón das liñas e tramos relacionados en anexo a esta lei.

Tamén se modifica a Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, en relación coa apertura progresiva á libre competencia do transporte ferroviario de viaxeiros, dentro do ámbito de competencias que lle corresponden ao Estado sobre o dito transporte, conforme co disposto no artigo 149.1.21 da Constitución. Neste sentido, prevese transitoriamente establecer un esquema de mercados en que o acceso para os novos operadores se levará a cabo a través da obtención de títulos habilitantes. O Consello de

Ministros determinará o número de títulos habilitantes que se outorgarán para cada liña ou conxunto de liñas nas cales se prestará o servizo en réxime de concorrencia, e o outorgamento dos títulos habilitantes levarao a cabo o Ministerio de Fomento a través do correspondente procedemento de licitación.

Non obstante, os servizos de transporte de viaxeiros con finalidade primordialmente turística (que inclúen os «trens turísticos»), que non están definidos na Lei do sector ferroviario, e que actualmente presta Renfe-Operadora (e previamente Renfe-Operadora e FEVE), non son servizos necesarios para a mobilidade, senón que son servizos de lecer en que non se dan as circunstancias que aconsellen períodos transitorios no proceso de liberalización.

VI

Dado o actual escenario de recesión económica e tendo en conta a evolución das cotizacións dos produtos petrolíferos, considérase xustificado por razóns de interese nacional velar pola estabilidade dos prezos dos combustibles de automoción e adoptar medidas directas de impacto inmediato sobre os prezos dos carburantes, ao tempo que permitirán un funcionamento máis eficiente deste mercado.

O maior nivel de prezos antes de impostos dos carburantes en España respecto a Europa constátase de forma reiterada nos distintos informes de supervisión emitidos pola Comisión Nacional de Enerxía.

Así mesmo, a Comisión Nacional da Competencia conclúe nos diferentes informes emitidos que, a partir dunha comparación de prezos dos carburantes de varios países de Europa, o comportamento dos prezos e das marxes de mercado de distribución de carburantes en España mostra signos dunha reducida competencia efectiva.

Neste sentido, adóptanse unha serie de medidas tanto no mercado grosista como no retalista que permitirán incrementar a competencia efectiva no sector reducindo as barreiras de entrada a novos entrantes e repercutindo positivamente no benestar dos cidadáns.

Estas medidas impleméntanse a través da modificación puntual da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, que establece o marco sectorial básico, en particular da subministración de hidrocarburos líquidos, e do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos.

No ámbito grosista considérase necesario garantir que a eficiencia da loxística de hidrocarburos permita que os custos de distribución sexan o máis baixos posibles. Por este motivo, modifícanse os artigos 41, 43 e 109 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, e afóndase no réxime de supervisión das instalacións loxísticas e de almacenamento que teñen obriga de acceso de terceiros en condicións transparentes, obxectivas e non discriminatorias, o que permitirá ás administracións públicas seguir adecuadamente a actividade desenvolvida por estas compañías e a súa incidencia na competencia no mercado.

No ámbito retalista do sector propóñense medidas para eliminar barreiras administrativas, simplificar trámites á apertura de novas instalacións de subministración retalista de carburantes e medidas para fomentar a entrada de novos operadores.

Facilítase a apertura de estacións de servizo en centros comerciais, parques comerciais, establecementos de inspección técnica de vehículos e zonas ou polígonos industriais, e afóndase nos obxectivos marcados polo Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño.

De forma adicional ás dificultades para o establecemento de novas estacións de servizo, a existencia de contratos de subministración polo miúdo en exclusiva considérase unha das principais barreiras de entrada e expansión de operadores en España alternativos aos operadores principais. As restricións contractuais que actualmente aparecen nos contratos en exclusiva limitan a competencia no sector, o que prexudica os consumidores. Para paliar este efecto, engádese un novo artigo 43 bis á Lei 34/1998, do 7 de outubro, para establecer condicións máis estritas para a subscripción de contratos de subministración en exclusiva e prohibir as recomendacións de prezo de venda ao público.

Perséguese evitar réximes económicos de xestión de estacións de servizo con contratos en exclusiva nos cales o distribuidor retalista actúa como un revendedor con desconto fixo ou como un comisionista. Nestes réximes, o prezo recomendado ou o prezo máximo son parámetros fundamentais no establecemento do prezo de adquisición do produto, ao fomentaren o aliñamento de prezos entre estacións de servizo abandeiradas, o que reduce a competencia intramarca.

Así mesmo, e de maneira transitoria, límitase o crecemento en número de instalacións de venda de produtos petrolíferos aos principais operadores de cada provincia.

O Real decreto 459/2011, do 1 de abril, polo que se fixan os obxectivos obrigatorios de biocombustibles para os anos 2011, 2012 e 2013, establece obxectivos anuais de consumo e venda de biocombustibles tanto globais, como por produto, no dito período. Co fin de alcanzar estes ambiciosos obxectivos, os suxeitos están obrigados a utilizar importantes cantidades de biodiésel, así como produtos alternativos como o hidrobiodiésel, cuxo contido enerxético é computable para o cumprimento dos citados obxectivos e presenta a vantaxe de que, ao ser un produto practicamente indiferenciado do gasóleo, cumpre as especificacións técnicas vixentes en elevadas porcentaxes de mestura. Porén, trátase de produtos máis caros que o carburante fósil, o que repercute de forma significativa no prezo final do gasóleo.

No actual escenario económico e de prezos dos carburantes, considérase conveniente revisar os obxectivos de 2013, establecendo uns obxectivos que permitan minimizar o prezo dos carburantes e asegurar certa estabilidade ao sector dos biocombustibles, sen que, en ningún caso, se comprometa o cumprimento dos obxectivos comunitarios previstos para 2020. Establécense, así mesmo, os obxectivos de consumo e venda de biocombustibles, tanto globais como por produtos, para os próximos anos.

Con este mesmo obxectivo, establécese un período de carencia de forma que non se exixirá o cumprimento dos criterios de sustentabilidade establecidos no artigo 4 do Real decreto 1597/2011, do 4 de novembro. Non obstante, os suxeitos deberán remitir información veraz ao respecto e aplicar de forma correcta o sistema de balance de masa previsto.

VII

A presente lei complétase con nove disposicións adicionais, seis transitorias, unha derogatoria e quince derradeiras.

A disposición adicional primeira prevé que as bonificacións e reducións de cotas previstas na presente lei se financiarán con cargo á correspondente partida orzamentaria do Servizo Público de Emprego Estatal e se soportarán polo orzamento de ingresos da Seguridade Social, respectivamente. Así mesmo, establece as actuacións que realizarán o Servizo Público de Emprego Estatal e a Tesouraría Xeral da Seguridade Social en relación co control das reducións e bonificacións practicadas.

A disposición adicional segunda prevé a creación dunha comisión interministerial, cuxa composición e funcións se determinará regulamentariamente, para o seguimento e a avaliación da Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade, e a disposición adicional terceira encomenda ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social articular o procedemento de adhesión á estratexia e establece a obriga do dito departamento de informar periodicamente sobre as empresas adheridas e as iniciativas propostas.

Ademais, na disposición adicional cuarta determínase o prazo de 12 meses para a adaptación dos contratos de distribución ás condicións previstas no novo artigo 43 bis.

Na disposición adicional quinta prevese a posibilidade de que unha empresa de traballo temporal e unha usuaria celebren contratos de posta á disposición.

Na disposición adicional sexta modifícase a base imponible das apostas sobre acontecementos deportivos ou de competición e do bingo nas cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla. Na disposición adicional sétima modifícase o artigo 9 da Lei 8/1991, do 25 de marzo, pola que se aproba o imposto sobre a produción, os servizos e a importación nas cidades de Ceuta e Melilla.

A disposición transitoria primeira prevé que as medidas e os incentivos recollidos nos artigos 9 a 13 da lei continúen en vigor ata que a taxa de desemprego se sitúe por debaixo do 15 %.

A disposición transitoria segunda, respecto dos contratos de traballo e das bonificacións e reducións preexistentes, precisa que continuarán rexéndose pola normativa vixente no momento da súa celebración ou no inicio do seu desfrute.

A disposición transitoria terceira fai referencia a contratos preexistentes en materia de morosidade.

A disposición transitoria cuarta refírese ás licenzas que se soliciten para novas instalacións de subministración que xa dispoñan de licenza municipal para o seu funcionamento. A disposición transitoria quinta determina, para completar o novo réxime xurídico introducido no artigo 43.2, que os operadores por xunto de produtos petrolíferos cunha cota de mercado superior ao 30 por cento non poderán subscribir novos contratos de distribución en exclusiva con distribuidores polo miúdo que se dediquen á explotación da instalación para a subministración de combustibles e carburantes a vehículos, con independencia de quen exerza a titularidade ou dereito real sobre ela. A disposición transitoria sexta establece o inicio de efectos das modificacións en materia de igualdade de trato entre mulleres e homes.

A disposición derogatoria derroga a disposición transitoria primeira do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, por contravir o disposto nesta lei.

Con respecto ás disposicións derradeiras, destaca, en primeiro termo, o carácter supletorio dos reais decretos lei 4/2012, do 24 de febreiro, e 7/2012, do 9 de marzo.

A disposición derradeira segunda modifica o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, para suprimir o último parágrafo do artigo 11.1.c). As disposicións derradeiras terceira, cuarta e quinta modifican a Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, o artigo 3 da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, e o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, respectivamente, para autorizar as empresas de traballo temporal a celebraren contratos para a formación e aprendizaxe cos traballadores para seren postos á disposición das empresas usuarias.

A disposición derradeira sétima modifica diversos preceptos do texto refundido da Lei de contratos do sector público. As modificacións introducidas nos artigos 216 e 222 tratan de precisar o momento de devindicación dos xuros de demora previstos na Directiva pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, en función dos diversos supostos de recepción e tratamento das facturas, de forma consistente coa regulación da Directiva 2011/7/UE, do 16 de febreiro de 2011. Mediante a modificación da disposición adicional décimo sexta da Lei de contratos do sector público exclúense da regulación xeral dos usos de medios electrónicos, informáticos e telemáticos as facturas electrónicas que se emitan nos procedementos de contratación. Na medida en que a factura é un elemento asociado á execución do contrato, non está cuberta polas previsións da Directiva 2004/18/CE en materia de utilización de medios electrónicos nos procedementos de contratación, e parece conveniente dado que produce efecto no ámbito fiscal, bancario, etc. prever unha regulación autónoma. Na nova disposición adicional trixésimo terceira artículase un novo itinerario de presentación de facturas ante o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, para efectos de asegurar que a Administración ten un coñecemento exacto de todas as débedas que ten contraídas pola execución dos contratos.

A disposición derradeira novena modifica o Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o financiamento dos pagamentos a provedores, e establece que lle corresponderá ao ICO a administración e xestión das operacións que se concerten co FFPP.

A disposición derradeira décima modifica o Real decreto lei 21/2012, do 13 de xullo, de medidas de liquidez das administracións públicas e no ámbito financeiro, e dispón que o cumprimento das obrigas derivadas de operacións de endebedamento con institucións financeiras multilaterais, así como as recollidas nos plans de axuste, non poden quedar afectadas polas posibles retencións dos recursos do sistema de financiamento das comunidades autónomas.

A disposición derradeira décimo terceira modifica a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; e a disposición derradeira décimo cuarta, o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados.

TÍTULO I

Medidas de desenvolvemento da Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade

CAPÍTULO I

Fomento do emprendemento e o autoemprego

Artigo 1. *Cotización á Seguridade Social aplicable á mocidade traballadora por conta propia.*

Un. A disposición adicional trixésimo quinta do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional trixésimo quinta. *Reducións e bonificacións á Seguridade Social aplicables aos mozos traballadores por conta propia.*

1. No suposto de traballadores por conta propia, incorporados ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos a partir da entrada en vigor do Estatuto do traballo autónomo, menores de 30 anos de idade, ou menores de 35 anos no caso de mulleres, aplicarase sobre a cota por contingencias comúns que corresponda, en función da base de cotización elixida e do tipo de cotización aplicable, segundo o ámbito de protección polo que se optase, unha redución, durante os 15 meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta, equivalente ao 30 % da cota que resulte de aplicar sobre a base mínima de cotización aplicable o tipo mínimo de cotización vixente en cada momento, incluída a incapacidade temporal, e unha bonificación, nos 15 meses seguintes á finalización do período de redución, de igual contía que esta.

2. Alternativamente ao sistema de bonificacións e reducións establecido no punto anterior, os traballadores por conta propia que teñan menos de 30 anos de idade e que causen alta inicial ou que non estivesen en situación de alta nos cinco anos inmediatamente anteriores, contados desde a data de efectos da alta, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, poderán aplicarse as seguintes reducións e bonificacións sobre a cota por contingencias comúns; a cota que se reducirá será o resultado de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo mínimo de cotización vixente en cada momento, incluída a incapacidade temporal, por un período máximo de 30 meses, segundo a seguinte escala:

a) Unha redución equivalente ao 80 % da cota durante os 6 meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta.

b) Unha redución equivalente ao 50 % da cota durante os 6 meses seguintes ao período sinalado na alínea a).

c) Unha redución equivalente ao 30 % da cota durante os 3 meses seguintes ao período sinalado na alínea b).

d) Unha bonificación equivalente ao 30 % da cota nos 15 meses seguintes á finalización do período de redución.

O previsto no presente punto non resultará de aplicación aos traballadores por conta propia que empreguen traballadores por conta allea.

3. Os traballadores por conta propia que opten polo sistema do punto anterior poderanse acoller ás bonificacións e reducións do número 1, sempre que o seu cómputo total non supere o prazo máximo de 30 mensualidades.

4. O disposto nos puntos anteriores será tamén de aplicación aos socios traballadores de cooperativas de traballo asociado que estean encadrados no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, cando cumpran os requisitos dos puntos anteriores desta disposición adicional.

5. As bonificacións e reducións de cotas previstas nesta disposición adicional financiaranse con cargo á correspondente partida orzamentaria do Servizo Público de Emprego Estatal e serán soportadas polo orzamento de ingresos da Seguridade Social, respectivamente.»

Dous. A disposición adicional décimo primeira da Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade, queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional décimo primeira. *Reducións e bonificacións de cotas á Seguridade Social para as persoas con discapacidade que se establezan como traballadores por conta propia.*

1. As persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % que causen alta inicial no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos beneficiaranse, durante os cinco anos seguintes á data de efectos da alta, dunha bonificación do 50 % da cota por continxencias comúns que resulte de aplicar sobre a base mínima de cotización aplicable o tipo mínimo de cotización vixente en cada momento, incluída a incapacidade temporal.

2. Cando os traballadores por conta propia cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % teñan menos de 35 anos de idade e causen alta inicial ou non estivesen en situación de alta nos cinco anos inmediatamente anteriores, contados desde a data de efectos da alta, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, poderán aplicarse as seguintes reducións e bonificacións sobre a cota por continxencias comúns; a cota que se reducirá será o resultado de aplicar á base mínima de cotización que corresponda o tipo mínimo de cotización vixente en cada momento, incluída a incapacidade temporal, por un período máximo de 5 anos, segundo a seguinte escala:

a) Unha redución equivalente ao 80 % da cota durante os 12 meses inmediatamente seguintes á data de efectos da alta.

b) Unha bonificación equivalente ao 50 % da cota durante os catro anos seguintes.

O previsto neste punto non resultará de aplicación aos traballadores por conta propia con discapacidade que empreguen traballadores por conta allea.

3. Os traballadores por conta propia con discapacidade a que se refire o punto anterior que optasen polo sistema descrito nel poderanse acoller posteriormente, se é o caso, ás bonificacións do número 1, sempre e cando o seu cómputo total non supere o prazo máximo de 60 mensualidades.

4. O disposto nos puntos anteriores será tamén de aplicación aos socios traballadores de cooperativas de traballo asociado que estean encadrados no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou

autónomos, cando cumplan os requisitos dos puntos anteriores desta disposición adicional.

5. As bonificacións e reducións de cotas previstas nesta disposición adicional financiaranse con cargo á correspondente partida orzamentaria do Servizo Público de Emprego Estatal e serán soportadas polo orzamento de ingresos da Seguridade Social, respectivamente.»

Artigo 2. Posibilidade de compatibilizar a percepción da prestación por desemprego co traballo por conta propia cando o establezan os programas de fomento ao emprego.

Engádesse un novo número 6 no artigo 228 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa seguinte redacción:

«6. Cando así o estableza algún programa de fomento ao emprego destinado a colectivos con maior dificultade de inserción no mercado de traballo, poderase compatibilizar a percepción da prestación por desemprego pendente de percibir co traballo por conta propia, caso en que a entidade xestora poderá aboar ao traballador o importe mensual da prestación na contía e duración que se determinen, sen incluír a cotización á Seguridade Social.»

Artigo 3. Compatibilización polos menores de 30 anos da percepción da prestación por desemprego co inicio dunha actividade por conta propia.

En aplicación do disposto no número 6 do artigo 228 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, e como excepción ao establecido no artigo 221 da dita lei, os beneficiarios da prestación por desemprego de nivel contributivo que se constitúan como traballadores por conta propia poderán compatibilizar a percepción mensual da prestación que lles corresponda co traballo autónomo, por un máximo de 270 días, ou polo tempo inferior pendente de percibir, sempre que se cumplan os requisitos e as condicións seguintes:

a) Que o beneficiario da prestación por desemprego de nivel contributivo sexa menor de 30 anos na data de inicio da actividade por conta propia e non teña traballadores ao seu cargo.

b) Que se solicite á entidade xestora no prazo de 15 días, contados desde a data de inicio da actividade por conta propia, sen prexuízo de que o dereito á compatibilidade da prestación produza efecto desde a data de inicio de tal actividade. Transcorrido o dito prazo de 15 días, o traballador non se poderá acoller a esta compatibilidade.

Durante a compatibilidade da prestación por desemprego coa actividade por conta propia non lle se exixirá ao beneficiario da prestación que cumpra coas obrigas como demandante de emprego e as derivadas do compromiso de actividade previstas no artigo 231 da Lei xeral da seguridade social.

Artigo 4. Ampliación das posibilidades de aplicación da capitalización da prestación por desemprego.

Un. Modifícase a regra terceira e introdúcese unha nova regra cuarta, pasando a actual cuarta, que tamén se modifica, a ser a quinta do número 1 da disposición transitoria cuarta da Lei 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade, que quedan redactadas da seguinte forma:

«3.^a O previsto nas regras 1.^a e 2.^a tamén será de aplicación:

a) Aos beneficiarios da prestación por desemprego de nivel contributivo que se pretendan constituír como traballadores autónomos e non se trate de persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33 %.

No caso da regra 1.^a, o aboamento dunha soa vez realizarase polo importe que corresponde ao investimento necesario para desenvolver a actividade, incluído o importe das cargas tributarias para o inicio da actividade, co límite máximo do 60% do importe da prestación por desemprego de nivel contributivo pendente de percibir; o límite máximo do 100 % será cando os beneficiarios sexan homes novos menores de 30 anos de idade ou mulleres novas menores de 35 anos. A idade considerarase na data da solicitude.

b) Aos beneficiarios da prestación por desemprego de nivel contributivo menores de trinta anos, cando capitalicen a prestación para destinar ata o 100 % do seu importe a realizar unha achega ao capital social dunha entidade mercantil de nova constitución ou constituída nun prazo máximo de doce meses anteriores á achega, sempre que desenvolvan unha actividade profesional ou laboral de carácter indefinido respecto a esta, e independentemente do réxime da Seguridade Social en que estean encadrados.

Para as persoas que realicen unha actividade por conta allea de carácter indefinido, esta deberase manter por un mínimo de 18 meses.

Non se incluírán neste suposto aquelas persoas que mantivesen un vínculo contractual previo coas ditas sociedades, nin os traballadores autónomos economicamente dependentes que subscribisen coa mesma sociedade como cliente un contrato rexistrado no Servizo Público de Emprego Estatal.

4.^a Os mozos menores de 30 anos que capitalicen a prestación por desemprego tamén poderán destinala aos gastos de constitución e posta en funcionamento dunha entidade, así como ao pagamento das taxas e do prezo de servizos específicos de asesoramento, formación e información relacionados coa actividade que se vai emprender.

5.^a A solicitude do aboamento da prestación por desemprego de nivel contributivo, segundo o establecido nas regras 1.^a, 2.^a e 3.^a, en todo caso deberá ser de data anterior á data de incorporación á cooperativa ou sociedade laboral, ou á de inicio da actividade como traballador autónomo ou como socio da entidade mercantil nos termos da regra terceira, considerando que tal inicio coincide coa data que como tal figura na solicitude de alta do traballador na Seguridade Social.

Se o traballador tivese impugnado o cesamento da relación laboral orixe da prestación por desemprego, a solicitude deberá ser posterior á resolución do procedemento correspondente.

Os efectos económicos do aboamento do dereito solicitado produciranse a partir do día seguinte ao do seu recoñecemento, salvo cando a data de inicio da actividade sexa anterior, caso en que se aplicará a data de inicio desa actividade.»

Dous. O Goberno poderá modificar mediante real decreto o establecido no número un anterior.

Artigo 5. *Suspensión e restablecemento do cobramento da prestación por desemprego tras realizar unha actividade por conta propia.*

Introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño:

Un. Modifícase a alínea d) do número 1 do artigo 212, que queda redactada do seguinte modo:

«d) Mentres o titular do dereito realice un traballo por conta allea de duración inferior a doce meses, ou mentres o titular do dereito realice un traballo por conta propia de duración inferior a vinte e catro meses ou inferior a sesenta meses no suposto de traballadores por conta propia menores de 30 anos de idade que causen alta inicial no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por

conta propia ou autónomos ou no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.»

Dous. Modifícase a letra b) do artigo 212.4, que queda redactada do seguinte modo:

«b) Logo de solicitude do interesado, nos supostos recollidos nas alíneas b), c), d) e e) do número 1, sempre que se acredite que finalizou a causa de suspensión, que, se é o caso, esa causa constitúe situación legal de desemprego, ou que, de ser o caso, se mantén o requisito de carencia de rendas ou existencia de responsabilidades familiares. No suposto da alínea d) do número 1, no referente aos traballadores por conta propia menores de 30 anos de idade que causen alta inicial no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, a prestación por desemprego poderase restablecer cando o traballo por conta propia sexa de duración inferior a sesenta meses.

O dereito ao restablecemento nacerá a partir do remate da causa de suspensión sempre que se solicite no prazo dos quince días seguintes, e a solicitude requirirá a inscrición como demandante de emprego se esta non se efectuou previamente. Así mesmo, na data da solicitude considerarase reactivado o compromiso de actividade a que se refire o artigo 231 desta lei, salvo naqueles casos en que a entidade xestora exixa a subscrición dun novo compromiso.

Se se presenta a solicitude transcrido o prazo citado, produciranse os efectos previstos no número 2 do artigo 209 e na alínea b) do número 1 do artigo 219.

No caso de que o período que corresponde ás vacacións anuais retribuídas non fose desfrutado, será de aplicación o establecido no número 3 do artigo 209 desta lei.»

Tres. A alínea d) do número 1 do artigo 213 queda redactada do seguinte modo:

«d) Realización dun traballo por conta allea de duración igual ou superior a doce meses, sen prexuízo do establecido no número 3 do artigo 210, ou realización dun traballo por conta propia, por tempo igual ou superior a vinte e catro meses, ou igual ou superior a sesenta meses no suposto de traballadores por conta propia menores de 30 anos de idade que causen alta inicial no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.»

Artigo 6. *Réxime de cotización por continxencias profesionais e cesamento de actividade.*

Engádesse un novo parágrafo terceiro na disposición adicional quincuaxésimo oitava do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa seguinte redacción:

«A protección fronte ás continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, que inclúe a cobertura da protección por cesamento de actividade, terá carácter voluntario para os traballadores por conta propia menores de 30 anos de idade.»

CAPÍTULO II

Incentivos fiscais

Artigo 7. *Incentivos para entidades de nova creación.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir de 1 de xaneiro de 2013, introdúcese unha nova disposición adicional décimo novena no texto refundido da

Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo novena. *Entidades de nova creación.*

1. As entidades de nova creación, constituídas a partir de 1 de xaneiro de 2013, que realicen actividades económicas tributarán, no primeiro período impositivo en que a base imponible resulte positiva e no seguinte, de acordo coa seguinte escala, excepto se, de acordo co previsto no artigo 28 desta lei, deban tributar a un tipo diferente ao xeral:

- a) Pola parte de base imponible comprendida entre 0 e 300.000 euros, ao tipo do 15 por cento.
- b) Pola parte de base imponible restante, ao tipo do 20 por cento.

Igualmente, aplicarase a escala sinalada no parágrafo anterior no caso de cooperativas de nova creación, tanto respecto dos resultados cooperativos como extracooperativos.

Cando o período impositivo teña unha duración inferior ao ano, a parte de base imponible que tributará ao tipo do 15 por cento será a resultante de aplicar a 300.000 euros a proporción en que estean o número de días do período impositivo entre 365 días, ou a base imponible do período impositivo cando esta sexa inferior.

2. Cando ao suxeito pasivo lle sexa de aplicación a modalidade de pagamento fraccionado establecida no número 3 do artigo 45 desta lei, a escala a que se refire o número 1 anterior non será de aplicación na cuantificación dos pagamentos fraccionados.

3. Para os efectos do previsto nesta disposición, non se entenderá iniciada unha actividade económica:

a) Cando a actividade económica fose realizada con carácter previo por outras persoas ou entidades vinculadas no sentido do artigo 16 desta lei e transmitida, por calquera título xurídico, á entidade de nova creación.

b) Cando a actividade económica fose exercida, durante o ano anterior á constitución da entidade, por unha persoa física que teña unha participación, directa ou indirecta, no capital ou nos fondos propios da entidade de nova creación superior ao 50 por cento.

4. Non terán a consideración de entidades de nova creación aquelas que formen parte dun grupo nos termos establecidos no artigo 42 do Código de comercio, con independencia da residencia e da obriga de formular contas anuais consolidadas.»

Artigo 8. *Incentivos no ámbito do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

Con efectos desde 1 de xaneiro de 2013 introdúcense as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

Un. Modifícase a letra n) do artigo 7, que queda redactada da seguinte forma:

«n) As prestacións por desemprego recoñecidas pola respectiva entidade xestora cando se perciban na modalidade de pagamento único establecida no Real decreto 1044/1985, do 19 de xuño, polo que se regula o aboamento da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único, sempre que as cantidades percibidas se destinen ás finalidades e nos casos previstos na citada norma.

Esta exención estará condicionada ao mantemento da acción ou participación durante o prazo de cinco anos, no suposto de que o contribuínte se integrase en sociedades laborais ou cooperativas de traballo asociado ou realizase unha achega ao capital social dunha entidade mercantil, ou ao mantemento, durante idéntico prazo, da actividade, no caso do traballador autónomo.»

Dous. Suprímese a alínea c) do número 2 do artigo 14.

Tres. Engádesse un novo número 3 ao artigo 32, que queda redactado da seguinte forma:

«3. Os contribuíntes que inicien o exercicio dunha actividade económica e determinen o rendemento neto desta de acordo co método de estimación directa poderán reducir nun 20 por cento o rendemento neto positivo declarado de acordo co dito método, minorado, se é o caso, polas reducións previstas nos números 1 e 2 anteriores, no primeiro período impositivo en que este sexa positivo e no período impositivo seguinte.

Para efectos do disposto no parágrafo anterior, entenderase que se inicia unha actividade económica cando non se exercese ningunha actividade económica no ano anterior á data de inicio desta, sen ter en consideración aquelas actividades en cuxo exercicio se cesase sen ter chegado a obter rendementos netos positivos desde o seu inicio.

Cando, con posterioridade ao inicio da actividade a que se refire o parágrafo primeiro anterior, se inicie unha nova actividade sen ter cesado no exercicio da primeira, a redución prevista neste punto aplicarase sobre os rendementos netos obtidos no primeiro período impositivo en que estes sexan positivos e no período impositivo seguinte, contado desde o inicio da primeira actividade.

A contía dos rendementos netos a que se refire este punto, sobre a cal se aplicará a citada redución, non poderá superar o importe de 100.000 euros anuais.

Non resultará de aplicación a redución prevista neste punto no período impositivo en que máis do 50 por cento dos seus ingresos proceda dunha persoa ou entidade da cal o contribuínte obtivese rendementos do traballo no ano anterior á data de inicio da actividade.»

Catro. Engádesse unha disposición adicional trixésimo oitava, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional trixésimo oitava. *Aplicación da redución do 20 por cento por inicio dunha actividade económica.*

O previsto no número 3 do artigo 32 desta lei soamente resultará de aplicación aos contribuíntes que iniciasen o exercicio dunha actividade económica a partir do 1 de xaneiro de 2013.»

CAPÍTULO III

Estímulos á contratación

Artigo 9. *Incentivos á contratación a tempo parcial con vinculación formativa.*

1. As empresas, incluídos os traballadores autónomos, que celebren contratos a tempo parcial con vinculación formativa con mozos desempregados menores de trinta anos terán dereito, durante un máximo de doce meses, a unha redución da cota empresarial á Seguridade Social por contingencias comúns, correspondente ao traballador contratado, do 100 por cento no caso de que o contrato o subscriban empresas cuxo cadro de persoal sexa inferior a 250 persoas, ou do 75 por cento no suposto de que a empresa contratante teña un cadro de persoal igual ou superior a esa cifra.

Este incentivo poderá ser prorrogado por outros doce meses, sempre que o traballador continúe compatibilizando o emprego coa formación ou a cursase nos seis meses previos á finalización do período a que se refire o parágrafo anterior.

2. Os traballadores deberán cumprir algún dos seguintes requisitos:

- a) Non ter experiencia laboral ou que esta sexa inferior a tres meses.
- b) Proceder doutro sector de actividade, nos termos que se determinen regulamentariamente.
- c) Ser desempleado e estar inscrito ininterrompidamente na oficina de emprego polo menos doce meses durante os dezoito anteriores á contratación.
- d) Carecer de título oficial de ensino obrigatorio, de título de formación profesional ou de certificado de profesionalidade.

3. Os traballadores deberán compatibilizar o emprego coa formación ou xustificar tela cursado nos seis meses previos á celebración do contrato.

A formación, non tendo que estar vinculada especificamente ao posto de traballo obxecto do contrato, poderá ser:

- a) Formación acreditable oficial ou promovida polos servizos públicos de emprego.
- b) Formación en idiomas ou tecnoloxías da información e a comunicación dunha duración mínima de 90 horas en cómputo anual.

4. Para a aplicación desta medida, o contrato poderase celebrar por tempo indefinido ou por duración determinada, de acordo co establecido no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

A xornada pactada non poderá ser superior ao 50 por cento da correspondente a un traballador a tempo completo comparable. Para estes efectos entenderase por traballador a tempo completo comparable o establecido no artigo 12.1 do Estatuto dos traballadores.

5. Para poder acollerse a esta medida, as empresas, incluídos os traballadores autónomos, deberán non ter adoptado, nos seis meses anteriores á celebración do contrato, decisións extintivas improcedentes. A limitación afectará unicamente as extincións producidas a partir do 24 de febreiro de 2013, e para a cobertura daqueles postos de traballo do mesmo grupo profesional que os afectados pola extinción e para o mesmo centro ou centros de traballo.

6. Para a aplicación dos beneficios, a empresa deberá manter o nivel de emprego alcanzado co contrato a que se refire este artigo durante, polo menos, un período equivalente á duración do dito contrato, cun máximo de doce meses desde a súa celebración. En caso de incumprimento desta obriga, deberase proceder ao reintegro dos incentivos.

Non se considerará incumprida a obriga de mantemento do emprego a que se refire este punto cando o contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario cando un ou outro sexa declarado ou recoñecido como procedente, nin as extincións causadas por dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez dos traballadores ou pola expiración do tempo convido ou realización da obra ou servizo obxecto do contrato, ou por resolución durante o período de proba.

7. Para a aplicación das medidas a que se refire este artigo será precisa a formalización escrita dos contratos no modelo que estableza o Servizo Público de Emprego Estatal.

8. No non previsto neste artigo será de aplicación, respecto das reducións, o disposto na sección I do capítulo I da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, agás o establecido nos seus artigos 2.7 e 6.2.

Artigo 10. Contratación indefinida dun mozo por microempresas e empresarios autónomos.

1. As empresas, incluídos os traballadores autónomos, que contraten de maneira indefinida, a tempo completo ou parcial, un mozo desempleado menor de trinta anos

terán dereito a unha redución do 100 por cento da cota empresarial á Seguridade Social por contingencias comúns correspondente ao traballador contratado, durante o primeiro ano de contrato, nos termos recollidos nos puntos seguintes.

Para poder acollerse a esta medida, as empresas, incluídos os traballadores autónomos, deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter, no momento da celebración do contrato, un cadro de persoal igual ou inferior a nove traballadores.
- b) Non ter tido ningún vínculo laboral anterior co traballador.
- c) Non ter adoptado, nos seis meses anteriores á celebración do contrato, decisións extintivas improcedentes. A limitación afectará unicamente as extincións producidas a partir do 24 de febreiro de 2013 e para a cobertura daqueles postos de traballo do mesmo grupo profesional que os afectados pola extinción e para o mesmo centro ou centros de traballo.
- d) Non ter celebrado con anterioridade outro contrato de acordo con este artigo, agás o disposto no número 5.

2. O establecido neste artigo non se aplicará nos seguintes supostos:

- a) Cando o contrato se concerte de acordo co artigo 4 da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.
- b) Cando o contrato sexa para traballos fixos descontinuos, de acordo co artigo 15.8 do Estatuto dos traballadores.
- c) Cando se trate de contratos indefinidos incluídos no artigo 2 da Lei 43/2006, do 29 de decembro.

3. Os beneficios a que se refire o número 1 só se aplicarán respecto a un contrato, agás o disposto no número 5.

4. Para a aplicación dos beneficios, a empresa deberá manter no emprego o traballador contratado polo menos dezaioito meses desde a data de inicio da relación laboral, salvo que o contrato se extinga por causa non imputable ao empresario ou por resolución durante o período de proba.

Así mesmo, deberá manter o nivel de emprego na empresa alcanzado co contrato a que se refire este artigo durante, polo menos, un ano desde a celebración do contrato. En caso de incumprimento destas obrigas, deberase proceder ao reintegro dos incentivos.

Non se considerarán incumpridas as obrigas de mantemento do emprego anteriores a que se refire este punto cando o contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario cando un ou outro sexa declarado ou recoñecido como procedente, nin as extincións causadas por dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez dos traballadores ou pola expiración do tempo conviado ou realización da obra ou servizo obxecto do contrato, ou por resolución durante o período de proba.

5. Nos supostos a que se refire o último inciso do primeiro parágrafo do número 4, poderase celebrar un novo contrato ao abeiro deste artigo, aínda que o período total de redución non poderá exceder, en conxunto, os doce meses.

6. Para a aplicación das medidas a que se refire este artigo será precisa a formalización escrita dos contratos no modelo que estableza o Servizo Público de Emprego Estatal.

7. No non previsto neste artigo, será de aplicación o disposto na sección I do capítulo I da Lei 43/2006, do 29 de decembro, salvo o establecido nos seus artigos 2.7 e 6.2.

Artigo 11. *Incentivos á contratación en novos proxectos de emprendemento da mocidade.*

1. Terán dereito a unha redución do 100 por cento de todas as cotas empresariais da Seguridade Social, incluídas as de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e as cotas de recadación conxunta, durante os doce meses seguintes á contratación, os traballadores por conta propia menores de trinta anos, e sen traballadores asalariados, que a partir do 24 de febreiro de 2013 contraten por primeira vez, de forma indefinida, mediante un contrato de traballo a tempo completo ou parcial, persoas desempregadas de idade igual ou superior a corenta e cinco anos, inscritas ininterrompidamente como desempregadas na oficina de emprego polo menos durante doce meses nos dezaoto meses anteriores á contratación ou que resulten beneficiarios do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego.

2. Para a aplicación dos beneficios recollidos neste artigo, deberase manter no emprego o traballador contratado, polo menos, dezaoto meses desde a data de inicio da relación laboral, salvo que o contrato se extinga por causa non imputable ao empresario ou por resolución durante o período de proba. En caso de incumprimento desta obriga, deberase proceder ao reintegro dos incentivos.

3. Nos supostos a que se refire o número 2, poderase celebrar un novo contrato ao abeiro deste artigo, aínda que o período total de aplicación da redución non poderá exceder, en conxunto, os doce meses.

4. No caso de que a contratación dun traballador poida dar lugar simultaneamente á aplicación doutras bonificacións ou reducións nas cotas de Seguridade Social, só se poderá aplicar unha delas, e a opción corresponderalle ao beneficiario no momento de formalizar a alta do traballador na Seguridade Social.

5. No non previsto nesta disposición, será de aplicación o establecido na sección I do capítulo I da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, salvo o establecido no artigo 2.7.

Artigo 12. *Primeiro emprego para a mocidade.*

1. Para incentivar a adquisición dunha primeira experiencia profesional, as empresas poderán celebrar contratos temporais con mozos desempregados menores de trinta anos que non teñan experiencia laboral ou se esta é inferior a tres meses.

2. Estes contratos rexeranse polo establecido no artigo 15.1.b) do Estatuto dos traballadores e nas súas normas de desenvolvemento, salvo o seguinte:

a) Considerarase causa do contrato a adquisición dunha primeira experiencia profesional.

b) A duración mínima do contrato será de tres meses.

c) A duración máxima do contrato será de seis meses, salvo que se estableza unha duración superior por convenio colectivo sectorial estatal ou, no seu defecto, por convenio colectivo sectorial de ámbito inferior, sen que en ningún caso esta duración poida exceder os doce meses.

En caso de que o contrato se concertase por unha duración inferior á máxima legal ou convencionalmente establecida, poderá prorrogarse mediante acordo das partes, por unha única vez, sen que a duración total do contrato poida exceder a dita duración máxima.

d) O contrato deberá celebrarse a xornada completa ou a tempo parcial sempre que, neste último caso, a xornada sexa superior ao 75 por cento da correspondente a un traballador a tempo completo comparable. Para estes efectos, entenderase por traballador a tempo completo comparable o establecido no artigo 12.1 do Estatuto dos traballadores.

3. Para poder acollerse a esta medida, as empresas, incluídos os traballadores autónomos, deberán non ter adoptado, nos seis meses anteriores á celebración do contrato, decisións extintivas improcedentes. A limitación afectará unicamente as

extincións producidas a partir do 24 de febreiro de 2013 e para a cobertura daqueles postos de traballo do mesmo grupo profesional que os afectados pola extinción e para o mesmo centro ou centros de traballo.

No suposto de contratos de traballo celebrados con traballadores para seren postos á disposición de empresas usuarias, a limitación establecida no parágrafo anterior entenderase referida en todo caso á empresa usuaria.

4. As empresas, incluídos os traballadores autónomos, que, unha vez transcorrido un prazo mínimo de tres meses desde a súa celebración, transformen en indefinidos os contratos a que se refire este artigo terán dereito a unha bonificación nas cotas empresariais á Seguridade Social de 41,67 euros/mes (500 euros/ano), durante tres anos, sempre que a xornada pactada sexa polo menos do 50 por cento da correspondente a un traballador a tempo completo comparable. Se o contrato se celebre cunha muller, a bonificación por transformación será de 58,33 euros/mes (700 euros/ano).

No suposto de traballadores contratados conforme este artigo e postos á disposición de empresas usuarias, estas terán dereito a idéntica bonificación, baixo as condicións establecidas no parágrafo anterior, cando, sen solución de continuidade, concerten cos ditos traballadores un contrato de traballo por tempo indefinido, sempre que transcorrese un prazo mínimo de tres meses desde a celebración do contrato inicial.

No suposto a que se refire o parágrafo anterior, a obriga establecida no número 5 deste artigo entenderase referida en todo caso á empresa usuaria.

5. Para a aplicación dos beneficios, a empresa deberá manter o nivel de emprego alcanzado coa transformación a que se refire este artigo durante, polo menos, doce meses. En caso de incumprimento desta obriga deberase proceder ao reintegro dos incentivos.

Non se considerará incumplida a obriga de mantemento do emprego a que se refire este punto cando o contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario cando un ou outro sexa declarado ou recoñecido como procedente, nin as extincións causadas por dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez dos traballadores ou pola expiración do tempo convidado ou realización da obra ou servizo obxecto do contrato, ou por resolución durante o período de proba.

6. Para a aplicación das medidas a que se refire este artigo será precisa a formalización escrita dos contratos no modelo que estableza o Servizo Público de Emprego Estatal.

7. No non previsto neste artigo será de aplicación, en canto aos incentivos, o disposto na sección I do capítulo I da Lei 43/2006, do 29 de decembro, salvo o establecido nos seus artigos 2.7 e 6.2.

Artigo 13. *Incentivos aos contratos en prácticas.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 11.1 do Estatuto dos traballadores, poderán celebrarse contratos en prácticas con mozos menores de trinta anos aínda que transcorresen cinco ou máis anos desde a terminación dos correspondentes estudos.

2. As empresas, incluídos os traballadores autónomos, que concerten un contrato en prácticas cun menor de trinta anos terán dereito a unha redución do 50 por cento da cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns, correspondente ao traballador contratado durante toda a vixencia do contrato.

Nos supostos en que, de acordo co disposto no Real decreto 1543/2011, do 31 de outubro, polo que se regulan as prácticas non laborais en empresas, o traballador estea realizando esas prácticas non laborais no momento da concertación do contrato de traballo en prácticas, a redución de cotas será do 75 por cento.

3. Para a aplicación das medidas a que se refire este artigo será precisa a formalización escrita dos contratos no modelo que estableza o Servizo Público de Emprego Estatal.

4. No non previsto neste artigo será de aplicación o disposto, en canto aos incentivos, na sección I do capítulo I da Lei 43/2006, do 29 de decembro, salvo o establecido no artigo 2.7.

Artigo 14. *Incentivos á incorporación de mozos a entidades da economía social.*

1. Incorporáanse as seguintes bonificacións aplicables ás entidades da economía social:

a) Bonificacións nas cotas empresariais da Seguridade Social durante tres anos, cuxa contía será de 66,67 euros/mes (800 euros/ano), aplicable ás cooperativas ou sociedades laborais que incorporen traballadores desempregados menores de 30 anos como socios traballadores ou de traballo. No caso de cooperativas, as bonificacións aplicaranse cando estas optasen por un réxime de seguridade social propio de traballadores por conta allea, nos termos da disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

b) Bonificacións nas cotas da Seguridade Social aplicables ás empresas de inserción nos supostos de contratos de traballo subscritos con persoas menores de 30 anos en situación de exclusión social incluídas no artigo 2 da Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, de 137,50 euros/mes (1.650 euros/ano) durante toda a vixencia do contrato ou durante tres anos, en caso de contratación indefinida. Estas bonificacións non serán compatibles coas previstas no artigo 16.3.a) da Lei 44/2007, do 13 de decembro.

2. En relación co número 1.a), aplicarase o establecido na sección I do capítulo I da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, salvo o establecido no seu artigo 6.2.

No non previsto no número 1.b) aplicarase o establecido na sección I do título I da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, en canto aos requisitos que deben cumprir os beneficiarios, as exclusións na aplicación das bonificacións, contía máxima, incompatibilidades ou reintegro de beneficios.

CAPÍTULO IV

Mellora da intermediación

Artigo 15. *Formalización conxunta de acordos marco para a contratación de servizos que faciliten a intermediación laboral.*

Engádesse unha nova disposición adicional trixésimo segunda ao texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, nos seguintes termos:

«Disposición adicional trixésimo segunda. *Formalización conxunta de acordos marco para a contratación de servizos que faciliten a intermediación laboral.*

A Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal e os órganos de contratación competentes das comunidades autónomas, así como das entidades e organismos dependentes delas e integrados no Sistema nacional de emprego, poderán concluír de forma conxunta acordos marco cun ou varios empresarios co fin de fixar as condicións a que se deberán axustar todos os contratos de servizos de características homoxéneas definidos nos convenios a que se refire o parágrafo seguinte para facilitar aos servizos públicos de emprego a intermediación laboral e que se pretendan adxudicar durante un período determinado, sempre que o recurso a estes instrumentos non se efectúe de forma

abusiva ou de modo que a competencia se vexa obstaculizada, restrinxida ou falseada.

Esta conclusión conxunta de acordos marco realizarase de acordo co disposto no capítulo II do título II do libro III e logo da adopción do correspondente convenio de colaboración entre o Servizo Público de Emprego Estatal e as comunidades autónomas ou as entidades e organismos dependentes delas e integrados no Sistema nacional de emprego.

Non poderán ser obxecto destes contratos marco as actuacións de intermediación laboral que se poidan prever nos procedementos de selección de persoal laboral temporal por parte das administracións públicas; esta intermediación deberana realizar exclusivamente e de maneira directa os correspondentes servizos públicos de emprego.»

Artigo 16. *Base de datos común de ofertas, demandas de emprego e oportunidades de formación.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego:

Un. A alínea b) do número 2 do artigo 8 queda redactada do seguinte modo:

«b) Existencia dunha base de datos común, Portal Único de Emprego, que posibilite a difusión das ofertas, demandas de emprego e oportunidades de formación existentes en todo o territorio do Estado, así como no resto dos países do Espazo Económico Europeo, respectando o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Para isto, os servizos públicos de emprego rexistrarán todas as ofertas e demandas de emprego nas bases de datos do Sistema de información dos servizos públicos de emprego. O Servizo Público de Emprego Estatal garantirá a difusión desta información a todos os cidadáns, empresas e administracións públicas como garantía de transparencia e unidade de mercado.»

Dous. Engádese un novo número 3 no artigo 14, renumerándose o actual número 3, que pasa a ser o número 4, que queda redactado do seguinte modo:

«3. Con carácter previo ao libramento dos fondos que no seo da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais se destinen a posibilitar as funcións de intermediación laboral, sen barreiras territoriais, nos termos da alínea c) do artigo 7 bis desta lei, o Servizo Público de Emprego Estatal comprobará o cumprimento por parte dos servizos públicos de emprego do establecido no número 2.b) do artigo 8.

Se o Servizo Público de Emprego Estatal detectase o incumprimento desta obriga por parte dalgunha comunidade autónoma, non procederá ao aboamento das cantidades debidas mentres non se emende esta situación. Para estes efectos, o Servizo Público de Emprego Estatal comunicarlles ás comunidades autónomas que se encontren nesta situación a necesidade de emendaren o incumprimento detectado.»

TÍTULO II

Medidas de fomento do financiamento empresarial

Artigo 17. *Modificación do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.*

O Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, queda modificado como segue:

Un. Engádesse unha sublínea c) no artigo 50.5, coa seguinte redacción:

«c) Os valores e dereitos negociados no mercado alternativo bolsista, ou noutro sistema multilateral de negociación que se concrete mediante real decreto.»

Dous. O sexto parágrafo do artigo 53.4 queda redactado do seguinte modo:

«O investimento en valores ou dereitos mobiliarios que non estean admitidos a negociación en mercados regulados no ámbito da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), xunto coas accións e participacións en institucións de investimento colectivo de investimento libre ou en institucións de investimento colectivo de investimento libre establecidas no número 5.a.2.º do artigo 50, as accións e participacións en sociedades e fondos de capital risco a que se refire o número 5.a.3.º do artigo 50 e o investimento en valores ou dereitos negociados no mercado alternativo bolsista, ou noutro sistema multilateral de negociación que se concrete mediante real decreto, non se poderán computar por un importe superior ao 10 por 100 do total das provisións técnicas que se deben cubrir. Cando se trate de entidades reaseguradoras e unicamente para o investimento en valores ou dereitos mobiliarios que non estean admitidos a negociación en mercados regulados no ámbito da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), este límite será o 30 por 100.»

Tres. O oitavo parágrafo do artigo 53.4 queda redactado do seguinte modo:

«O conxunto das accións e participacións nunha institución de investimento colectivo de investimento libre ou nunha institución de investimento colectivo de institucións de investimento colectivo de investimento libre, a que se refire o número 5.a.2.º do artigo 50 deste regulamento, ou de accións e participacións nunha sociedade ou fondo de capital risco a que se refire o número 5.a.3.º do seu artigo 50, non se poderán computar por un importe superior ao 5 por 100 do total das provisións técnicas que se deben cubrir. O investimento en accións e participacións emitidas por unha soa das entidades de capital risco e en valores ou dereitos negociados no mercado alternativo bolsista, ou noutro sistema multilateral de negociación que se concrete mediante real decreto, emitidos por unha mesma entidade, non poderá superar, conxuntamente, o 3 % das provisións técnicas que se deben cubrir. O citado límite do 3 por cento será dun 6 por cento cando o investimento en accións e participacións emitidas polas entidades de capital risco e en valores e dereitos negociados no mercado alternativo bolsista ou noutro sistema multilateral de negociación que se concrete mediante real decreto estean emitidos ou avalados por entidades pertencentes a un mesmo grupo.»

Artigo 18. *Modificación do Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro.*

O Regulamento de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto 304/2004, do 20 de febreiro, queda modificado como segue:

Un. Engádesse unha alínea d) ao artigo 70.9 coa seguinte redacción:

«d) Os valores e dereitos negociados no mercado alternativo bolsista ou noutro sistema multilateral de negociación que se concrete mediante real decreto.»

Dous. A alínea b) do artigo 72 queda redactada do seguinte modo:

«b) O investimento en valores ou instrumentos financeiros emitidos por unha mesma entidade, máis os créditos outorgados a ela ou avalados ou garantidos por ela, non poderá exceder o 5 por cento do activo do fondo de pensións.

Non obstante, o límite anterior será do 10 por cento por cada entidade emisora, prestameira ou garante, sempre que o fondo non invista máis do 40 por cento do activo en entidades en que se supere o 5 por cento do activo do fondo.

O fondo poderá investir en varias empresas dun mesmo grupo e o investimento total no grupo non poderá superar o 10 por cento do activo do fondo.

Ningún fondo de pensións poderá ter investido máis do 2 por cento do seu activo en valores ou instrumentos financeiros non admitidos a cotización en mercados regulados ou en valores ou instrumentos financeiros que, estando admitidos a negociación en mercados regulados, non sexan susceptibles de tráfico xeneralizado e impersoal, cando estean emitidos ou avalados por unha mesma entidade. O límite anterior será dun 4 por cento para os citados valores ou instrumentos financeiros cando estean emitidos ou avalados por entidades pertencentes a un mesmo grupo.

Non obstante o anterior, o investimento en valores ou dereitos emitidos por unha mesma entidade negociados no mercado alternativo bolsista ou noutro sistema multilateral de negociación que se concrete mediante real decreto, así como o investimento en accións e participacións emitidas por unha soa entidade de capital risco, poderá alcanzar o 3 por cento do activo do fondo de pensións.

O límite anterior do 3 por cento será dun 6 por cento para os citados valores ou outros instrumentos financeiros cando estean emitidos por entidades pertencentes a un mesmo grupo.

Non estarán sometidos aos límites previstos nesta alínea b) os depósitos en entidades de crédito, sen prexuízo da aplicación do límite conxunto a que se refire a alínea f) deste artigo.»

Artigo 19. *Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

A Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, queda modificada como segue:

Un. Dáse unha nova redacción ao artigo 30 ter, co seguinte teor literal:

«Artigo 30 ter. *Réxime das emisións de obrigas ou doutros valores que recoñezan ou creen débeda obxecto de oferta pública de venda ou de admisión a negociación nun mercado secundario oficial e con obriga de publicar un folleto.*

1. O disposto neste artigo será de aplicación a todas as emisións de obrigas ou doutros valores que recoñezan ou creen débeda sempre que vaian ser obxecto dunha oferta pública de venda ou de admisión a negociación nun mercado secundario oficial e respecto dos cales se exixa a elaboración dun folleto que estea suxeito a aprobación e rexistro pola Comisión Nacional do Mercado de Valores nos termos dispostos no capítulo anterior.

Así mesmo, entenderanse incluídas no parágrafo anterior, e sempre que cumpran o disposto nel, as emisións de obrigas ou doutros valores que recoñezan ou creen débeda previstas no título XI do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo. Igualmente, o presente artigo será de aplicación á emisión de obrigas previstas na Lei 211/1964, do 24 de decembro, pola que se regula a emisión de obrigas por sociedades que non adoptasen a forma de anónimas ou por asociacións ou outras persoas xurídicas, e a constitución do sindicato de obrigacionistas.

Non terán a consideración de obrigas ou doutros valores que recoñecen ou crean débeda os valores participativos a que se refire o parágrafo segundo do artigo 26.2 desta lei, tales como as obrigas convertibles en accións coa condición de que sexan emitidas polo emisor das accións subxacentes ou por unha entidade que pertenza ao grupo do emisor.

2. Non será necesario o requisito de escritura pública para a emisión dos valores a que se refire este artigo.

A publicidade de todos os actos relativos ás emisións de valores a que se refire este artigo rexeráse polo disposto nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, e non será necesaria a inscrición da emisión nin dos demais actos relativos a ela no Rexistro Mercantil nin a súa publicación no «Boletín Oficial del Registro Mercantil».

3. As condicións de cada emisión, así como a capacidade do emisor para formalizalas, cando non fosen reguladas pola lei, someteranse ás cláusulas contidas nos estatutos sociais do emisor e rexeranse polo previsto no acordo de emisión e no folleto informativo.»

Dous. Dáse unha nova redacción ao artigo 30 quáter, co seguinte teor literal:

«Artigo 30 quáter. *Réxime doutras emisións de obrigas ou doutros valores que recoñezan ou creen débeda.*

1. Cando se trate de colocación de emisións de obrigas ou doutros valores que recoñezan ou creen débeda, recollidas nas alíneas a), c) e d) do número 1 do artigo 30 bis, non será de aplicación a limitación establecida no artigo 405 da Lei de sociedades de capital.

2. Non será exigible o outorgamento de escritura pública nos casos de emisións de obrigas ou doutros valores que recoñezan ou creen débeda que vaian ser admitidos a negociación nun sistema multilateral de negociación. Tampouco será necesaria a inscrición da emisión, nin dos demais actos relativos a ela, no Rexistro Mercantil nin a súa publicación no «Boletín Oficial del Registro Mercantil».

As condicións exixidas legalmente para a emisión e as características dos valores faranse constar en certificación expedida polas persoas facultadas conforme a normativa vixente. Esta certificación considerárase apta para dar de alta os valores en anotacións en conta conforme o disposto no artigo 6 desta lei.

A publicidade de todos os actos relativos a estas emisións efectuarase a través dos sistemas establecidos para tal fin polos sistemas multilaterais de negociación.»

TÍTULO III

Medidas de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais e comunidades autónomas, e de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

CAPÍTULO I

Ampliación dunha nova fase do mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais e comunidades autónomas

Sección 1.^a Disposicións xerais

Artigo 20. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto do presente capítulo a ampliación dos ámbitos de aplicación subxectivo e obxectivo do mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais e comunidades autónomas, establecendo as especialidades de procedemento necesarias para esta nova fase do mecanismo que permita a cancelación das súas obrigas pendentes de pagamento cos seus provedores que fosen líquidas, vencidas e exixibles con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2012.

*Sección 2.^a Disposicións aplicables a entidades locais**Artigo 21. Ámbito subxectivo de aplicación.*

O mecanismo de pagamento a provedores a que se refire o Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais, e o Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, poderá ser de aplicación ás seguintes entidades locais:

1. Ás entidades locais do País Vasco e Navarra que estean incluídas no modelo de participación en tributos do Estado, para o cal se terán que subscribir previamente os correspondentes convenios entre a Administración xeral do Estado e as deputacións forais do País Vasco ou a Comunidade Foral de Navarra, segundo corresponda.
2. Ás mancomunidades de municipios.
3. Ás entidades locais ás cales resultan aplicables os modelos de participación en tributos do Estado, a que se refiren os capítulos III e IV dos títulos II e III do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación coas obrigas pendentes de pagamento que se especifican no artigo seguinte.

Artigo 22. Ámbito obxectivo de aplicación.

1. Polo que se refire ás entidades locais citadas no número 3 do artigo anterior, poderanse incluír nesta nova fase as obrigas pendentes de pagamento aos contratistas que se aplicasen aos orzamentos da entidade correspondentes a exercicios anteriores a 2012 e derivadas de convenios de colaboración, concesións administrativas, encomendas de xestión en que a entidade encomendada teña atribuída a condición de medio propio e servizo técnico dunha Administración autonómica ou da Administración estatal, dos contratos de arrendamento sobre bens inmobles, dos contratos previstos na Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, dos contratos de concesión de obras públicas, de colaboración entre o sector público e o sector privado, de contratos de xestión de servizos públicos, na modalidade de concesión, correspondentes á subvención que se pactase a cargo das entidades locais, sempre que se tivese que ter ingresado ao contratista con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2012, previstos no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

2. En canto ás entidades locais relacionadas nos números 1 e 2 do artigo anterior poderanse incluír, ademais das citadas no punto anterior, as obrigas pendentes de pagamento a contratistas a que se refire o Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais, e o Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, sempre que se aplicasen aos orzamentos da entidade correspondentes a exercicios anteriores a 2012.

Artigo 23. Especialidades do procedemento aplicable para a subministración de información por parte das entidades locais e o pagamento de facturas.

1. Ata o 22 de marzo de 2013, os contratistas poderán solicitar á entidade local debedora a emisión dun certificado individual de recoñecemento da existencia de obrigas pendentes de pagamento a cargo da entidade local.

2. O certificado individual expedirao, no prazo de cinco días naturais desde a presentación da solicitude, o interventor, ou órgano de control interno, nos termos e co contido previsto no punto anterior, con mención expresa de que se trata dunha obriga xa

aplicada aos orzamentos da entidade correspondentes a exercicios anteriores a 2012. No caso de que non se contestase a solicitude en prazo, entenderase rexeitada.

3. Antes do 29 de marzo de 2013, o interventor ou o órgano de control interno da entidade local comunicará ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por vía telemática e con sinatura electrónica, unha relación certificada das solicitudes de certificados individuais admitidas.

4. As entidades locais permitirán aos contratistas consultar a súa inclusión nesta información actualizada e, en caso de estaren incluídos, poderán coñecer a información que os afecte con respecto á normativa de protección de datos de carácter persoal.

Non se poderá materializar o dereito de cobramento dos contratistas, no marco do presente mecanismo de financiamento, no caso de que a mancomunidade debedora non dese cumprimento ás obrigas formais establecidas no número 6 deste artigo.

5. O presidente da entidade local ditará as instrucións necesarias para garantir a atención aos contratistas nas súas solicitudes, a pronta emisión dos certificados individuais e o acceso, preferentemente por vía electrónica, á información remitida.

6. Ata o 22 de marzo de 2013 as mancomunidades deberán enviar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas copia fidedigna dos estatutos polos cales se rexen e especificar a porcentaxe de participación, en 31 de decembro de 2011, de cada un dos concellos que as integran e que conste naqueles. Os mencionados estatutos deberán ter sido aprobados polos plenos dos ditos concellos. A falta de remisión desta documentación impedirá iniciar o procedemento previsto nos puntos anteriores deste artigo.

No caso de que a mancomunidade non estea incluída na base de datos xeral de entidades locais e do Inventario de entes do sector público local dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, deberá solicitar a súa inclusión no prazo previsto no parágrafo anterior, así como a remisión da documentación citada nel.

Artigo 24. *Procedemento disciplinario.*

O incumprimento por parte dos empregados públicos competentes das obrigas previstas no artigo 23 deste real decreto lei terá a consideración de falta moi grave nos termos previstos no ordinal segundo do artigo 95 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. Para estes efectos, será a Dirección Xeral de Función Pública do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o órgano competente para iniciar e instruír o correspondente procedemento disciplinario e o ministro de Facenda e Administracións Públicas será o competente para resolver.

Artigo 25. *Especialidades do plan de axuste.*

Ademais do previsto no Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais, e no Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, o plan de axuste que presente a entidade local deberá cumprir co seguinte:

1. Unha vez remitidas as certificacións individuais previstas no artigo 23, a entidade local elaborará un plan de axuste, de acordo coa súa potestade de autoorganización, que se presentará, con informe do interventor ou órgano de control interno, para a súa aprobación polo pleno da corporación local ou, no caso das mancomunidades, polo órgano de Goberno establecido polo estatuto polo que se rexen e que fose aprobado polos plenos dos concellos que a integren.

2. O plan de axuste aprobado deberao remitir a entidade local ao órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas como data límite o día 15 de abril de 2013, por vía telemática e con sinatura electrónica, quen realizará unha valoración do plan presentado, e comunicarlalla á entidade local como data límite o día 20 de maio de 2013.

Transcorrido este prazo sen comunicación da citada valoración, esta considerarase favorable.

No caso das entidades locais do País Vasco e de Navarra, aplicarase o que dispoñan os correspondentes convenios entre a Administración xeral do Estado e as deputacións forais do País Vasco ou a Comunidade Foral de Navarra, segundo corresponda.

3. Se as entidades locais a que se refire o número 3 do artigo 21 da presente norma tivesen un plan de axuste aprobado na fase inicial do mecanismo de pagamento a provedores que concluíu no mes de xullo de 2012 e fose valorado favorablemente polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, enviarán unha revisión do seu plan de axuste aprobada polo seu pleno nos quince primeiros días de abril de 2013. De non facelo, considerarase unha falta de remisión do plan de axuste e será de aplicación o previsto na disposición adicional primeira da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nas súas normas de desenvolvemento.

Artigo 26. Aplicación da disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

1. No caso das mancomunidades debedoras, a garantía para o pagamento das súas obrigas derivadas das operacións de endebedamento que subscriban co Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores executarase mediante retencións na participación en tributos do Estado dos municipios integrantes das mancomunidades, en proporción ás súas respectivas cotas de participación nas citadas entidades en 31 de decembro de 2011. Este criterio será de aplicación no caso de que as entidades locais non concerten as operacións de endebedamento citadas para efectos da execución daquelas retencións.

2. No caso das entidades locais do País Vasco e de Navarra, terase en conta o que dispoñan os convenios que se subscriban entre os órganos competentes dos territorios históricos e os da Administración xeral do Estado e que necesariamente deberán prever un sistema de garantía para o pagamento das súas obrigas derivadas do mecanismo para o financiamento dos pagamentos a provedores.

Artigo 27. Cancelación de obrigas pendentes de pagamento con financiamento afectado.

1. As obrigas pendentes de pagamento que fosen aboadas a través deste mecanismo e contasen con financiamento afectado, ao recibirse o seu ingreso, este entenderase automaticamente afectado ao Fondo para o Financiamento do Pagamento a Provedores e deberase destinar á amortización anticipada da operación de endebedamento ou, se é o caso, á cancelación da débeda. Esta previsión non será de aplicación ás obrigas que contasen con cofinanciamento procedente dos fondos estruturais da Unión Europea.

2. O previsto neste artigo aplicarase tanto ás obrigas de pagamento que foron aboadas no marco do Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, como ás que se aboan no marco da ampliación do mecanismo regulada nesta norma.

Sección 3.^a Disposicións aplicables a comunidades autónomas

Artigo 28. Ámbito subxectivo de aplicación.

As comunidades autónomas poderanse acoller a esta nova fase do mecanismo previsto no Acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira, do 6 de marzo de 2012, polo que se fixan as liñas xerais dun mecanismo extraordinario de financiamento para o pagamento aos provedores das comunidades autónomas.

Para estes efectos, entenderase por comunidade autónoma a Administración da comunidade e o resto de entidades, organismos e entes dependentes da comunidade

sobre os cales esta manteña un poder de decisión sobre a súa xestión e as súas normas internas ou estatutos, así como as entidades asociativas en que participe directa ou indirectamente. En calquera caso, débese tratar de entidades incluídas no sector administracións públicas, subsector comunidades autónomas, de acordo coa definición e delimitación do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais, aprobado polo Regulamento (CE) 2223/96 do Consello, do 25 de xuño de 1996.

Artigo 29. *Ámbito obxectivo de aplicación.*

1. Polo que se refire ás comunidades autónomas, poderanse incluír nesta nova fase do mecanismo as obrigas pendentes de pagamento aos provedores derivadas de convenios de colaboración, de concesións administrativas, de encomendas de xestión en que a entidade encomendada teña atribuída a condición de medio propio e servizo técnico da Administración e non se encontre incluída na definición de comunidade autónoma do artigo 28, dos contratos de arrendamento sobre bens inmobles, dos contratos previstos na Lei 31/2007, do 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais, dos contratos de concesión de obras públicas, de colaboración entre o sector público e o sector privado, as derivadas de contratos de xestión de servizos públicos, na modalidade de concesión, correspondentes á subvención que se pactase a cargo da comunidade autónoma, sempre que se tivese que ter ingresado ao contratista con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2012, previstos no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

2. No caso das comunidades autónomas que non participasen na primeira fase deste mecanismo poderanse incluír, ademais das citadas no punto anterior, as obrigas pendentes de pagamento a contratistas a que se refire o Acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira, do 6 de marzo de 2012, polo que se fixan as liñas xerais dun mecanismo extraordinario de financiamento para o pagamento aos provedores das comunidades autónomas.

3. En todo caso, débese tratar de obrigas pendentes de pagamento que se inclúsen na conta xeral da comunidade autónoma do exercicio 2011 e anteriores, ou contas anuais aprobadas correspondentes a tales exercicios no suposto de que se trate dunha entidade que non forme parte dela. En todo caso, terá que estar aplicada a orzamento con anterioridade ao pagamento da débeda.

Artigo 30. *Especialidades do procedemento aplicable para a subministración de información por parte das comunidades autónomas e o pagamento de facturas.*

1. Antes do 6 de marzo de 2013, a comunidade autónoma deberá enviar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas unha relación certificada polo interventor xeral da comunidade autónoma en que figuren as obrigas mencionadas no artigo 29.

2. Ata o 22 de marzo de 2013 os provedores poderán consultar esta relación e aceptar, se é o caso, o pagamento da débeda a través deste mecanismo.

3. Aqueles provedores non incluídos na relación inicial poderán solicitar á comunidade autónoma debedora a emisión dun certificado individual de recoñecemento da existencia de obrigas pendentes de pagamento, que reúnan os requisitos previstos no artigo 29, a cargo da comunidade autónoma. A solicitude deste certificado implica a aceptación do provedor nos termos sinalados no punto anterior.

4. O certificado individual será expedido polo interventor xeral da comunidade autónoma no prazo de cinco días naturais desde a presentación da solicitude. No caso de que non se contestase a solicitude en prazo, entenderase rexeitada.

5. Antes do 29 de marzo de 2013, o interventor xeral da comunidade autónoma comunicará ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por vía telemática e con sinatura electrónica, unha relación completa certificada das facturas que, cumprindo os requisitos previstos no artigo 29, fosen aceptadas polos provedores.

6. A comunidade autónoma permitirá aos provedores consultar a súa inclusión nesta información actualizada e, en caso de estaren incluídos, poderán coñecer a información que os afecte con respecto á normativa de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 31. *Revisión do plan de axuste.*

Antes do día 15 de abril de 2013, as comunidades autónomas deberán remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas un plan de axuste, ou unha revisión do que xa tivesen, o cal realizará unha valoración del no prazo de 15 días desde a súa presentación.

Artigo 32. *Cancelación de obrigas pendentes de pagamento con financiamento afectado.*

As obrigas pendentes de pagamento que fosen aboadas a través deste mecanismo e contasen con financiamento afectado, ao recibirse o seu ingreso, este entenderase automaticamente afectado ao Fondo para o Financiamento do Pagamento a Provedores e deberase destinar á amortización anticipada da operación de endebedamento ou, se é o caso, á cancelación da débeda da comunidade autónoma co Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.

O previsto neste artigo aplicarase tanto ás obrigas de pagamento que foron aboadas no marco do Acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira, do 6 de marzo de 2012, polo que se fixan as liñas xerais dun mecanismo extraordinario de financiamento para o pagamento aos provedores das comunidades autónomas, como ás que se aboan no marco da ampliación do mecanismo regulada na presente norma.

CAPÍTULO II

Medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

Artigo 33. *Modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

Un. Modifícase o artigo 4:

«Artigo 4. *Determinación do prazo de pagamento.*

1. O prazo de pagamento que debe cumprir o debedor, se non fixar data ou prazo de pagamento no contrato, será de trinta días naturais despois da data de recepción das mercadorías ou prestación dos servizos, mesmo cando tivese recibido a factura ou solicitude de pagamento equivalente con anterioridade.

Os provedores deberán facer chegar a factura ou solicitude de pagamento equivalente aos seus clientes antes de que se cumpran quince días naturais contados desde a data de recepción efectiva das mercadorías ou da prestación dos servizos.

Cando no contrato se fixase un prazo de pagamento, a recepción da factura por medios electrónicos producirá os efectos de inicio do cómputo de prazo de pagamento, sempre que se encontre garantida a identidade e autenticidade do asinante, a integridade da factura e a recepción polo interesado.

2. Se legalmente ou no contrato se dispuxo un procedemento de aceptación ou de comprobación mediante o cal se deba verificar a conformidade dos bens ou dos servizos co disposto no contrato, a súa duración non poderá exceder os trinta días naturais contados desde a data de recepción dos bens ou da prestación dos servizos. Neste caso, o prazo de pagamento será de trinta días despois da data en que ten lugar a aceptación ou verificación dos bens ou servizos, mesmo aínda que a factura ou solicitude de pagamento se tivese recibido con anterioridade á aceptación ou verificación.

3. Os prazos de pagamento indicados nos puntos anteriores poderán ser ampliados mediante pacto das partes sen que, en ningún caso, se poida acordar un prazo superior a 60 días naturais.

4. Poderanse agrupar facturas durante un período determinado non superior a quince días, mediante unha factura comprensiva de todas as entregas realizadas nese período, factura resumo periódica, ou agrupándoas nun único documento para efectos de facilitar a xestión do seu pagamento, agrupación periódica de facturas, e sempre que se tome como data de inicio do cómputo do prazo a data correspondente á metade do período da factura resumo periódica ou da agrupación periódica de facturas de que se trate, segundo o caso, e o prazo de pagamento non supere os sesenta días naturais desde esa data.»

Dous. Engádesse un novo parágrafo ao final do artigo 6:

«En caso de que as partes pactasen calendarios de pagamento para aboamentos a prazos, cando algún dos prazos non se aboe na data acordada, os xuros e a compensación previstos nesta lei calcularanse unicamente sobre a base das cantidades vencidas.»

Tres. O parágrafo primeiro do número 2 do artigo 7 pasa a ter a seguinte redacción:

«2. O tipo legal de xuro de demora que o debedor estará obrigado a pagar será a suma do tipo de xuro aplicado polo Banco Central Europeo á súa máis recente operación principal de financiamento efectuada antes do primeiro día do semestre natural de que se trate máis oito puntos porcentuais.»

Catro. O número 1 do artigo 8 queda redactado como segue:

«1. Cando o debedor incorra en mora, o acredor terá dereito a cobrar do debedor unha cantidade fixa de 40 euros, que se engadirá en todo caso e sen necesidade de petición expresa á débeda principal.

Ademais, o acredor terá dereito a reclamar ao debedor unha indemnización por todos os custos de cobramento debidamente acreditados que sufrise a causa da mora deste e que superen a cantidade indicada no parágrafo anterior.»

Cinco. A rúbrica e o número 1 do artigo 9 pasan a ter a seguinte redacción:

«Artigo 9. *Cláusulas e prácticas abusivas.*

1. Será nula unha cláusula contractual ou unha práctica relacionada coa data ou co prazo de pagamento, o tipo de xuro de demora ou a compensación por custos de cobramento cando resulte manifestamente abusiva en prexuízo do acredor tendo en conta todas as circunstancias do caso, incluídas:

- a) Calquera desviación grave das boas prácticas comerciais, contraria á boa fe e actuación leal.
- b) A natureza do ben ou do servizo.
- c) E cando o debedor teña algunha razón obxectiva para apartarse do tipo de xuro legal de demora do número 2 do artigo 7, ou da cantidade fixa a que se refire o número 1 do artigo 8.

Así mesmo, para determinar se unha cláusula ou práctica é abusiva para o acredor terase en conta, considerando todas as circunstancias do caso, se serve principalmente para proporcionar ao debedor unha liquidez adicional a expensas do acredor, ou se o contratista principal impón aos seus provedores ou subcontratistas unhas condicións de pagamento que non estean xustificadas por razón das condicións de que el mesmo sexa beneficiario ou por outras razóns obxectivas.

En todo caso, son nulas as cláusulas pactadas entre as partes ou as prácticas que resulten contrarias aos requisitos para exixir os xuros de demora do artigo 6, ou aquelas que exclúan o cobramento do dito xuro de demora ou o da indemnización por custos de cobramento prevista no artigo 8. Tamén son nulas as cláusulas e prácticas pactadas polas partes ou as prácticas que exclúan o xuro de demora, ou calquera outra sobre o tipo legal de xuro de demora establecido con carácter subsidiario no número 2 do artigo 7, cando teña un contido abusivo en prexuízo do acredor, entendendo que será abusivo cando o xuro pactado sexa un 70 % inferior ao xuro legal de demora, salvo que, atendendo ás circunstancias previstas neste artigo, se poida probar que o xuro aplicado non resulta abusivo.»

TÍTULO IV

Medidas no sector ferroviario

Artigo 34. Transmisión á entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) da titularidade da rede ferroviaria do Estado cuxa administración ten encomendada.

1. As infraestruturas ferroviarias e estacións que constitúen a rede de titularidade do Estado cuxa administración ADIF ten encomendada pasarán a ser de titularidade da entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF), a partir da entrada en vigor desta lei.

Os cambios na titularidade dos bens a que se refire o parágrafo anterior efectuaranse polo valor que se deduza do Sistema de información contable e dos rexistros do Ministerio de Fomento.

2. Para a administración, reposición ou mellora dos ditos bens, a entidade pública empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF) poderá recibir tanto transferencias correntes como de capital dos orzamentos xerais do Estado, e do orzamento doutras administracións públicas.

O Ministerio de Fomento establecerá as directrices básicas que deban presidir a administración da rede, sinalando os obxectivos e fins que se deben alcanzar e os niveis de calidade na prestación do servizo.

A Intervención Xeral da Administración do Estado, no exercicio das súas funcións de control financeiro permanente e conforme os plans anuais de auditoría, verificará a aplicación dos fondos públicos asignados ao Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF).

3. As transmisións que se efectúen como consecuencia desta disposición quedarán en todo caso exentas de calquera tributo estatal, autonómico ou local, incluídos os tributos cedidos ás comunidades autónomas, sen que resulte aplicable a estas o previsto no artigo 9.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

As indicadas transmisións, actos ou operacións gozarán igualmente de exención de aranceis ou honorarios pola intervención de fedatarios públicos e rexistradores da propiedade e mercantís.

Artigo 35. Efectos contables da extinción da entidade pública empresarial Ferrocarriles Españoles de Vía Estrecha (FEVE).

Para efectos contables, a extinción da entidade pública empresarial Ferrocarriles Españoles de Vía Estrecha (FEVE) entenderase producida en 1 de xaneiro de 2013.

En consecuencia, o último exercicio económico da dita entidade entenderase pechado en 31 de decembro de 2012.

Artigo 36. *Prestación dos servizos de transporte por ferrocarril polas sociedades mercantís estatais previstas no artigo 1.1, alíneas a) e b), do Real decreto lei 22/2012, do 20 de xullo, polo que se adoptan medidas en materia de infraestruturas e servizos ferroviarios.*

1. As sociedades mercantís estatais previstas no artigo 1.1, alíneas a) e b), do Real decreto lei 22/2012, do 20 de xullo, polo que se adoptan medidas en materia de infraestruturas e servizos ferroviarios, seguirán prestando, respectivamente e sen solución de continuidade, todos os servizos de transporte de viaxeiros e mercadorías por ferrocarril que corresponda explotar a Renfe-Operadora desde a data da súa efectiva constitución.

Para isto, sucederán na capacidade de infraestrutura necesaria para a realización dos servizos que estivese prestando no dito momento a entidade pública empresarial. No sucesivo, deberán obter directamente do administrador de infraestruturas ferroviarias a capacidade de infraestrutura necesaria para a realización dos servizos que desexen prestar, de conformidade co previsto na Orde FOM/897/2005, do 7 de abril, relativa á declaración sobre a rede e ao procedemento de adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria.

2. Entenderase que as sociedades mercantís estatais previstas no artigo 1, alíneas a) e b), do Real decreto lei 22/2012, do 20 de xullo, polo que se adoptan medidas en materia de infraestruturas e servizos ferroviarios, contan coa licenza de empresa ferroviaria prevista no artigo 44 da Lei do sector ferroviario e o certificado de seguridade a que se refire o artigo 16 do Regulamento sobre seguridade na circulación da rede ferroviaria de interese xeral, para o ámbito de servizos que cada unha explota. Non obstante, no prazo de seis meses desde que as citadas empresas inicien a explotación dos servizos deberán acreditar que cumpren as exixencias establecidas no artigo 45 da Lei do sector ferroviario e nas súas normas de desenvolvemento, e solicitar a correspondente licenza de empresa ferroviaria. Así mesmo, no prazo máximo dun ano desde que inicien a explotación deberán presentar a documentación que acredite que dispoñen dun sistema de xestión da seguridade e que cumpren cos requisitos en materia de circulación ferroviaria, persoal de conducción e material rodante, e solicitar o correspondente certificado de seguridade.

Artigo 37. *Modificación da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.*

1. Modifícase o número 1 da disposición adicional novena da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. No prazo de seis meses, o Ministerio de Fomento establecerá o Catálogo de liñas e tramos da rede ferroviaria de interese xeral conforme os criterios establecidos no artigo 4 da Lei do sector ferroviario. Neste catálogo relacionaranse as liñas e tramos conforme un código oficial, asignado pola Dirección Xeral de Ferrocarrís, e expresarán a súa orixe e destino e unha breve referencia ás súas características técnicas.

No citado catálogo figurarán relacionados, por unha banda, as liñas e os tramos de interese xeral e por outra, en anexo independente do anterior, as liñas e os tramos que, non reunindo os requisitos do artigo 4 da Lei do sector ferroviario, continúen temporalmente sendo administrados conforme o disposto na Lei do sector ferroviario, mentres non se efectúe efectivamente, logo de solicitude da comunidade autónoma respectiva á Administración xeral do Estado, o traspaso da liña ou tramo correspondente.

En todo caso, para a determinación do referido catálogo ou das súas modificacións, deberán ser oídas as comunidades autónomas polas cales atravesen ou, se é o caso, comprendan totalmente no seu territorio, as correspondentes liñas ou tramos ferroviarios.»

2. Engádense novos números 2, 3, 4 e 5 á disposición transitoria terceira da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, co seguinte contido:

«2. Sen prexuízo do disposto no número 1, a apertura á competencia dos servizos de transporte ferroviario de viaxeiros de competencia estatal realizarase co fin de garantir a prestación dos servizos, a seguridade e a ordenación do sector.

3. A partir do 31 de xullo de 2013, o transporte ferroviario de viaxeiros con finalidade prioritariamente turística prestarase en réxime de libre competencia segundo o establecido no artigo 42.2 desta lei.

Para efectos desta lei, terán a consideración de transporte ferroviario de viaxeiros con finalidade prioritariamente turística aqueles servizos en que, tendo ou non carácter periódico, a totalidade das prazas ofertadas no tren se prestan no marco dunha combinación previa, vendida ou ofrecida en venda por unha axencia de viaxes de acordo cun prezo global no que, á parte do servizo de transporte ferroviario, se inclúan, como principais, servizos para satisfacer dunha maneira xeral as necesidades das persoas que realizan desprazamentos relacionados con actividades recreativas, culturais ou de lecer, sendo o servizo de transporte por ferrocarril complemento dos anteriores. En ningún caso se poderá asimilar a esta actividade aquela que teña como obxecto principal ou predominante o transporte de viaxeiros por ferrocarril.

Mediante orde do Ministerio de Fomento, regularanse as condicións de prestación deste tipo de servizos.

4. Nos servizos de transporte ferroviario a que se refire o artigo 53 desta lei, o Consello de Ministros establecerá os termos relativos ás licitacións públicas previstas no artigo 53.2, sen prexuízo do establecido no artigo 5.6 do Regulamento (CE) n.º 1370/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007. Ata o inicio do servizo, se é o caso, por un novo operador, Renfe-Operadora continuará prestando estes servizos e regularase a compensación que, se é o caso, proceda, a través do contrato correspondente.

5. Sen prexuízo do establecido no artigo 42.2 desta lei, de forma transitoria, o acceso para os novos operadores aos servizos non incluídos nos números 3 e 4 desta disposición levarase a cabo a través da obtención de títulos habilitantes.

O Consello de Ministros determinará o número de títulos habilitantes que se outorgarán para cada liña ou conxunto de liñas en que se prestará o servizo en réxime de concorrencia, así como o período de vixencia dos ditos títulos habilitantes.

O outorgamento dos títulos habilitantes levarao a cabo o Ministerio de Fomento a través do correspondente procedemento de licitación. Este procedemento será público e garantirá a efectiva competencia de todos os operadores concorrentes.

Mediante orde do Ministerio de Fomento, determinaranse os requisitos e as condicións exixibles para participar nos procedementos de licitación sinalados no parágrafo anterior, así como os criterios de adjudicación que resulten aplicables e as distintas fases do dito procedemento. En todo caso, será de aplicación o disposto no Regulamento (CE) 1370/2007 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, sobre os servizos públicos de transporte de viaxeiros por ferrocarril e estrada e, mentres non se dite a orde do Ministerio de Fomento que regule as licitacións, a Lei de contratos do sector público e as súas normas de desenvolvemento.

Renfe-Operadora disporá dun título habilitante para operar os servizos en todo o territorio sen necesidade de acudir ao proceso de licitación.»

Artigo 38. *Rede ferroviaria de interese xeral.*

Ata que se aprobe o Catálogo de liñas e tramos da rede ferroviaria de interese xeral a que se refire a disposición adicional novena da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, considerarase que a rede ferroviaria de interese xeral se compón das liñas e dos tramos relacionados en anexo a esta lei. Habilitase o ministro de Fomento para actualizar a relación exposta no presente artigo.

TÍTULO V

Medidas no ámbito do sector de hidrocarburos

Artigo 39. *Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, queda modificada como segue:

Un. O artigo 41.1 queda modificado como segue:

«1. Os titulares de instalacións fixas de almacenamento e transporte de produtos petrolíferos, autorizadas conforme o disposto no artigo 40 da presente lei, deberán permitir o acceso de terceiros mediante un procedemento negociado, en condicións técnicas e económicas non discriminatorias, transparentes e obxectivas, aplicando prezos que deberán facer públicos. O Goberno poderá establecer peaxes e condicións de acceso para territorios insulares e para aquelas zonas do territorio nacional onde non existan infraestruturas alternativas de transporte e almacenamento ou estas se consideren insuficientes.

Os titulares de instalacións fixas de almacenamento e transporte de produtos petrolíferos que, de acordo co previsto no parágrafo anterior, deban permitir o acceso de terceiros, cumprirán as seguintes obrigas:

a) Comunicar á Comisión Nacional de Enerxía as peticións de acceso ás súas instalacións, os contratos que subscriban, a relación de prezos pola utilización das referidas instalacións, así como as modificacións que se produzan neles nun prazo máximo dun mes. A Comisión Nacional de Enerxía publicará esta información nos termos previstos na disposición adicional décimo primeira. terceiro. 4 desta lei.

b) Presentar á Comisión Nacional de Enerxía a metodoloxía de tarifas aplicada incluíndo os distintos tipos de descontos aplicables, o sistema de acceso de terceiros ás súas instalacións e o Plan anual de investimentos, que será publicada na forma que determine por circular a Comisión Nacional de Enerxía.

c) Publicar de forma actualizada a capacidade dispoñible das súas instalacións, a capacidade contratada e a súa duración no tempo, a capacidade realmente utilizada, as conxestións físicas e contractuais rexistradas, así como as ampliacións, melloras e cambios previstos e o seu calendario de entrada en funcionamento. A Comisión Nacional de Enerxía supervisará a frecuencia con que se producen conxestións contractuais que fagan que os usuarios non poidan acceder a estas instalacións a pesar da dispoñibilidade física de capacidade.

d) Na súa xestión, evitarán calquera conflito de interese entre accionistas e usuarios dos servizos e observarán especialmente a obriga de igualdade de trato a todos os usuarios dos servizos da actividade, con independencia do seu carácter ou non de accionistas da sociedade.

A Comisión Nacional de Enerxía establecerá por circular o procedemento de comunicación dos conflitos que se poidan suscitar na negociación dos contratos e nas solicitudes de acceso ás instalacións de transporte ou almacenamento. Así mesmo, resolverá, no prazo máximo de tres meses, os conflitos que lle sexan formulados respecto ás solicitudes e aos contratos relativos ao acceso de terceiros a estas instalacións de transporte ou almacenamento de produtos petrolíferos que deben permitir o acceso de terceiros.»

Dous. O artigo 43.2 pasa a ter a seguinte redacción:

«2. A actividade de distribución polo miúdo de carburante e combustibles petrolíferos poderá ser exercida libremente por calquera persoa física ou xurídica.

As instalacións utilizadas para o exercicio desta actividade deberán cumprir cos actos de control preceptivos para cada tipo de instalación, de acordo coas

instrucións técnicas complementarias que establezan as condicións técnicas e de seguridade das ditas instalacións, así como cumprir co resto da normativa vixente que en cada caso sexa de aplicación, en especial a referente á metroloxía e metrotecnica e á protección dos consumidores e usuarios.

As administracións autonómicas, no exercicio das súas competencias, deberán garantir que os actos de control que afecten a implantación destas instalacións de subministración de carburantes polo miúdo se integren nun procedemento único e ante unha única instancia. Para tal efecto, regularán o procedemento e determinarán o órgano autonómico ou local competente ante o cal se realizará e que, se for o caso, o resolverá. Este procedemento coordinará todos os trámites administrativos necesarios para a implantación das ditas instalacións con base nun proxecto único.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de oito meses. O transcurso do dito prazo sen se ter notificado resolución expresa terá efectos estimatorios, nos termos sinalados no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os instrumentos de planificación territorial ou urbanística non poderán regular aspectos técnicos das instalacións ou exixir unha tecnoloxía concreta.

Os usos do solo para actividades comerciais individuais ou agrupadas, centros comerciais, parques comerciais, establecementos de inspección técnica de vehículos e zonas ou polígonos industriais serán compatibles coa actividade económica das instalacións de subministración de combustible polo miúdo. Estas instalacións serán, así mesmo, compatibles cos usos que sexan aptos para a instalación de actividades con niveis similares de perigosidade, residuos ou impacto ambiental, sen precisar expresamente a cualificación de apto para estación de servizo.

O establecido nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido na Lei 25/1988, do 29 de xullo, de estradas, e nas súas normas de desenvolvemento.»

Tres. Engádesse un novo artigo 43 bis cunha redacción do seguinte teor:

«Artigo 43 bis. *Limitacións aos vínculos contractuais de subministración en exclusiva.*

1. Os vínculos contractuais de subministración en exclusiva deberán cumprir as seguintes condicións:

a) A duración máxima do contrato será dun ano. Este contrato prorrogarase por un ano, automaticamente, por un máximo de dúas prórrogas, salvo que o distribuidor polo miúdo de produtos petrolíferos manifeste, cun mes de antelación como mínimo á data de finalización do contrato ou de calquera das súas prórrogas, a súa intención de resolvelo.

b) Non poderán conter cláusulas exclusivas que, de forma individual ou conxunta, fixen, recomenden ou incidan, directa ou indirectamente, no prezo de venda ao público do combustible.

2. Consideraranse nulas e teranse por non postas aquelas cláusulas contractuais en que se estableza unha duración do contrato diferente á recollida no número 1, ou que determinen o prezo de venda do combustible en referencia a un determinado prezo fixo, máximo ou recomendado, ou calquera outra que contribúa a unha fixación indirecta do prezo de venda.

3. Os operadores por xunto comunicarán á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a subscrición deste tipo de contratos, incluíndo a data da súa finalización, a cal será publicada na web oficial do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

4. O disposto no presente artigo non será de aplicación cando os bens ou servizos contractuais sexan vendidos polo comprador desde locais e terreos que sexan plena propiedade do provedor.»

Catro. Engádense dous novos parágrafos no artigo 109.1 coa seguinte redacción.

«ad) O acaparamento e a utilización substancialmente inferior da capacidade das instalacións fixas de almacenamento e transporte de produtos petrolíferos que, de acordo co previsto no artigo 41 da presente lei, deban permitir o acceso de terceiros.

ae) O incumprimento das limitacións e obrigas impostas no artigo 43 bis.1.»

Cinco. O número 3 do artigo 43 queda modificado como segue:

«3. Os acordos de subministración en exclusiva que se celebren entre os operadores por xunto e os propietarios de instalacións para a subministración de vehículos recollerán no seu clausulado, se estes propietarios o solicitan, a venda en firme dos mencionados produtos.

As empresas que distribúan ou subministren polo miúdo carburantes e combustibles petrolíferos deberán exixir, aos titulares das instalacións receptoras fixas para consumo na propia instalación, a documentación e acreditación do cumprimento das súas obrigas.

Cando, en virtude dos vínculos contractuais de subministración en exclusiva, as instalacións para a subministración de combustibles ou carburantes a vehículos se subministren dun só operador que teña implantada a súa imaxe de marca na instalación, este estará facultado, sen prexuízo das demais facultades recollidas no contrato, para establecer os sistemas de inspección ou seguimento adecuados para o control da orixe, volume e calidade dos combustibles entregados aos consumidores e para comprobar que se corresponden cos subministrados á instalación.

Os operadores deberán dar conta ás autoridades competentes de comprobaren desviacións que poidan constituír indicio de fraude ao consumidor e da negativa que, se for o caso, se produza ás actuacións de comprobación.

Nestes supostos, a Administración competente deberá adoptar as medidas necesarias para asegurar a protección dos intereses dos consumidores e usuarios.»

Artigo 40. Modificación do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos.

O artigo 3 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, queda modificado nos seguintes termos:

«Artigo 3. *Instalacións de subministración polo miúdo de carburantes a vehículos en establecementos comerciais e outras zonas de desenvolvemento de actividades empresariais e industriais.*

1. Os establecementos comerciais individuais ou agrupados, centros comerciais, parques comerciais, establecementos de inspección técnica de vehículos e zonas ou polígonos industriais poderán incorporar entre os seus equipamentos, polo menos, unha instalación para a subministración de produtos petrolíferos a vehículos.

2. Nos supostos a que se refire o punto anterior, o outorgamento das licenzas municipais requiridas polo establecemento levará implícita a concesión das que sexan necesarias para a instalación de subministración de produtos petrolíferos.

3. O órgano municipal non poderá denegar a instalación de estacións de servizo ou de unidades de subministración de carburantes a vehículos nos establecementos e zonas anteriormente sinalados pola simple ausencia de solo cualificado especificamente para isto.

4. A superficie da instalación de subministración de carburantes non computará como superficie útil de exposición e venda ao público do establecemento comercial en que se integre para efectos da normativa sectorial comercial que rexa para estes.»

Artigo 41. *Obxectivos obrigatorios mínimos de venda ou consumo de biocarburantes en 2013 e anos sucesivos.*

1. Os suxeitos obrigados a acreditar o cumprimento dos obxectivos que se establecen son os seguintes:

a) Os operadores por xunto, regulados no artigo 42 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, polas súas vendas anuais no mercado nacional, excluídas as vendas a outros operadores por xunto.

b) As empresas que desenvolvan a actividade de distribución por xunto de produtos petrolíferos, regulada no artigo 43 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, na parte das súas vendas anuais no mercado nacional non subministrado polos operadores por xunto.

c) Os consumidores de produtos petrolíferos, na parte do seu consumo anual non subministrado por operadores por xunto ou polas empresas que desenvolvan a actividade de distribución polo miúdo de produtos petrolíferos.

2. Os suxeitos a que se refire o número 1 deberán acreditar ante a entidade de certificación, anualmente, para o ano 2013 e sucesivos, as seguintes titularidades:

a) A titularidade dunha cantidade mínima de certificados de biocarburantes que permitan cumprir cun obxectivo de biocarburantes do 4,1 por cento.

b) A titularidade da cantidade mínima de certificados de biocarburantes en diésel (CBD) que permitan cumprir cun obxectivo de biocarburantes en diésel do 4,1 por cento.

c) A titularidade da cantidade mínima de certificados de biocarburantes en gasolina (CBG) que permitan cumprir cun obxectivo de biocarburantes en gasolina do 3,9 por cento.

Excepcionalmente, durante o ano 2013, este obxectivo de biocarburantes en gasolina será do 3,8 por cento en caso dos suxeitos a que se refire o número 1 con vendas ou consumos en Canarias, Ceuta ou Melilla, polas vendas ou consumos nos citados ámbitos territoriais.

3. As porcentaxes indicadas nos puntos anteriores calcularanse, para cada un dos suxeitos obrigados, de acordo coas fórmulas recollidas na Orde ITC/2877/2008, do 9 de outubro, pola que se establece un mecanismo de fomento do uso de biocarburantes e outros combustibles renovables con fins de transporte, ou de acordo coas fórmulas que se establezan por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

4. O Goberno poderá modificar os obxectivos previstos neste artigo, así como establecer obxectivos adicionais.

Artigo 42. *Modificación do Real decreto 1597/2011, do 4 de novembro, polo que se regulan os criterios de sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos, o Sistema nacional de verificación da sustentabilidade e o dobre valor dalgúns biocarburantes para efectos do seu cómputo.*

Modifícase o primeiro punto da disposición transitoria única do Real decreto 1597/2011, do 4 de novembro, polo que se regulan os criterios de sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos, o Sistema nacional de verificación da sustentabilidade e o

dobre valor dalgúns biocarburantes para efectos do seu cómputo, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. Establécese un período de carencia para a aplicación do período transitorio para a verificación da sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos.

Mediante resolución do titular da Secretaría de Estado de Enerxía determinarase a data en que rematará o período de carencia. Esta resolución publicarase no «Boletín Oficial del Estado», como mínimo, oito meses antes da súa entrada en vigor.

Durante o período de carencia, os criterios de sustentabilidade do artigo 4 do presente real decreto terán carácter indicativo. Os suxeitos obrigados definidos no artigo 10 deberán remitir toda a información exixida nas circulares a que fai referencia o número 2 da presente disposición transitoria e a dita información debe ser veraz, aínda que o cumprimento dos requisitos de sustentabilidade non serán exixibles para o cumprimento das obrigas ou obxectivos de venda ou consumo de biocarburantes.

Durante o período de carencia, o previsto no número 4 da presente disposición transitoria non será de obrigado cumprimento, aínda que os axentes económicos do Sistema nacional de verificación da sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos deberán manter, durante un mínimo de cinco anos, as probas relacionadas coa información que remitan á Comisión Nacional de Enerxía.

As inspeccións a que fai referencia o número 1 do artigo 12 do presente real decreto terán como único obxectivo, durante o período de carencia, verificar que todos os axentes están aplicando de forma correcta o sistema de balance de masa previsto no artigo 7 do presente real decreto e nas circulares ditadas ao respecto pola Comisión Nacional de Enerxía e comprobar a veracidade da información aplicada. Ata o final do período de carencia, como resultado das inspeccións realizadas, non procederá a incoación de ningún expediente sancionador, salvo por falta de remisión da información requirida, falsidade nos datos achegados ou incorrecta aplicación do balance de masa.

Finalizado este período de carencia, comezará un período transitorio para a verificación da sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos, que se prolongará ata a aprobación das disposicións necesarias para o desenvolvemento do Sistema nacional de verificación da sustentabilidade dos biocarburantes e biolíquidos, segundo o previsto nos puntos 1.a) e 1.b) da disposición derradeira terceira, e a aprobación das disposicións necesarias para a aplicación do disposto no presente real decreto, segundo o previsto nos números 3 e 5 da mesma disposición. Neste período será de aplicación o disposto nos números 2 a 5 desta disposición transitoria.»

Disposición adicional primeira. *Financiamento, aplicación e control das bonificacións e reducións das cotizacións sociais.*

1. As bonificacións e reducións de cotas previstas na presente lei financiaranse con cargo á correspondente partida orzamentaria do Servizo Público de Emprego Estatal e serán soportadas polo orzamento de ingresos da Seguridade Social, respectivamente.

2. As bonificacións e as reducións de cotas da Seguridade Social serán aplicadas polos empregadores con carácter automático nos correspondentes documentos de cotización, sen prexuízo do seu control e revisión pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social e polo Servizo Público de Emprego Estatal, nos seus respectivos ámbitos da súa competencia.

3. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social facilitará mensualmente ao Servizo Público de Emprego Estatal o número de traballadores obxecto de bonificacións de cotas á Seguridade Social, desagregados por cada un dos colectivos de bonificación, coas súas respectivas bases de cotización e as deducións que se apliquen de acordo cos

programas de incentivos ao emprego e que son financiadas polo Servizo Público de Emprego Estatal.

4. Coa mesma periodicidade, a Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal facilitará á Dirección Xeral de Inspección de Traballo e Seguridade Social a información necesaria sobre o número de contratos comunicados obxecto de bonificacións de cotas, detallados por colectivos, así como canta información relativa ás cotizacións e deducións aplicadas a estes sexa precisa, para o efecto de facilitar a este centro directivo a planificación e programación da actuación inspectora que permita vixiar a adecuada aplicación das bonificacións previstas nos correspondentes programas de incentivos ao emprego, polos suxeitos beneficiarios delas.

Disposición adicional segunda. *Comisión interministerial de seguimento e avaliación da Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade 2013-2016.*

O Goberno constituirá unha comisión interministerial nun prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor da presente lei para o seguimento da Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade 2013-2016, coa composición e funcións que se determinen regulamentariamente. Esta comisión, a través da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, informará as comunidades autónomas sobre o desenvolvemento da estratexia. A súa creación e funcionamento atenderanse cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social e realizará os seus traballos ata o 31 de decembro de 2016, data en que quedará disolta.

Disposición adicional terceira. *Adhesión á Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade.*

1. O Ministerio de Emprego e Seguridade Social, no marco das súas competencias en materia de responsabilidade social empresarial, poderá formalizar a adhesión á Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade 2013-2016 de entidades públicas e privadas, cuxa contribución na redución do desemprego xuvenil, xa sexa mediante a inserción laboral por conta allea ou a través do autoemprego e o emprendemento, será recoñecida mediante a concesión dun selo ou distintivo.

2. O Ministerio de Emprego e Seguridade Social informará periodicamente a Comisión interministerial de seguimento e avaliación da Estratexia de emprendemento e emprego para a mocidade 2013-2016, a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, as comunidades autónomas, a través da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, os axentes sociais, o Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas e cantos outros órganos consultivos se considere oportuno sobre as entidades adheridas á estratexia, as características esenciais das iniciativas propostas e os principais resultados destas.

Disposición adicional cuarta. *Prazo de adaptación dos contratos de distribución.*

Os contratos de distribución en exclusiva afectados polo artigo 43 bis da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, deberanse adaptar no período de 12 meses desde a entrada en vigor desta lei. Estes contratos non poderán incluír cláusulas que, directa ou indirectamente, obriguen á súa renovación, polo que se reputarán, en todo caso, nulas as así incluídas.

Este horizonte temporal non será de aplicación cando o provedor teña en vigor un contrato de arrendamento dos locais ou terreos ou posúa un dereito real limitado respecto a terceiros, sempre e cando a duración dos contratos de subministración en exclusiva non exceda a duración do contrato de arrendamento ou do dereito real sobre os locais ou terreos.

Disposición adicional quinta. *Contratos de posta á disposición.*

Sen prexuízo do disposto na Lei 14/1994, do 1 de xuño, que regula as empresas de traballo temporal, tamén se poderán celebrar contratos de posta á disposición entre unha empresa de traballo temporal e unha empresa usuaria nos mesmos supostos e baixo as mesmas condicións e requisitos en que a empresa usuaria podería celebrar un contrato de traballo de primeiro emprego para a mocidade conforme o disposto no artigo 12 desta lei.

Disposición adicional sexta. *Modificación da base impositiva das apostas sobre acontecementos deportivos ou de competición e do bingo nas cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla.*

Con vixencia desde a entrada en vigor desta norma, e de acordo co previsto no artigo 50 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, a base impositiva da taxa sobre rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias, cando as administracións das cidades autónomas de Ceuta ou de Melilla autoricen a celebración da aposta sobre acontecementos deportivos ou de competición ou tivese sido a competente para autorizala nos supostos en que se organizasen ou celebrasen sen a dita autorización, a base impositiva virá constituída pola diferenza entre a suma total das cantidades apostadas e o importe dos premios obtidos polos participantes no xogo.

Así mesmo, a base impositiva para o xogo do bingo presencial que se celebre ou organice nos territorios das mencionadas cidades con estatuto de autonomía será a resultante de subtraer do importe das cantidades xogadas a contía dos premios obtidos polos partícipes.

Disposición adicional sétima. *Modificación da Lei 8/1991, do 25 de marzo, pola que se aproba o imposto sobre a produción, os servizos e a importación nas cidades de Ceuta e de Melilla.*

Modifícase o artigo 9 da Lei 8/1991, do 25 de marzo, pola que se aproba o imposto sobre a produción, os servizos e a importación nas cidades de Ceuta e de Melilla, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 9. *Exencións en importacións de bens.*

As importacións definitivas de bens nas cidades de Ceuta e Melilla estarán exentas nos mesmos termos que na lexislación común do imposto sobre o valor engadido e, en todo caso, asimiláranse, para efectos desta exención, as que resulten de aplicación ás operacións interiores.

En particular, nas importacións de bens en réxime de viaxeiros a exención aplicarase nos mesmos termos e contías que os previstos para as importacións de bens en réxime de viaxeiros na normativa reguladora do imposto sobre o valor engadido. As cidades de Ceuta e Melilla poderán, nas súas respectivas ordenanzas fiscais, reducir esa contía, aínda que a mínima resultante non poderá ser inferior a 90.15 euros.»

Disposición adicional oitava. *Adecuación do marco normativo das prácticas non laborais.*

O Goberno, no prazo de seis meses desde a aprobación da presente lei, procederá a presentar ante o Congreso dos Deputados un informe sobre o uso das prácticas non laborais e sobre as modificacións normativas e/ou actuacións que se deberían adoptar para potenciar a súa utilización como instrumento destinado á inserción no mercado laboral de mozos sen experiencia laboral e sen cualificación profesional, dun modo adecuado.

Disposición adicional novena. *Persoas con discapacidade.*

Os incentivos á contratación previstos nos artigos 9, 10, 12, 13 e 14 da presente lei serán tamén de aplicación cando o contrato se subscriba con mozos menores de 35 anos que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, sempre que cumpran tamén o resto de requisitos previstos nos referidos artigos.

Os incentivos á contratación previstos no artigo 11 da presente lei serán tamén de aplicación cando o contrato o subscriban mozos menores de 35 anos que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, sempre que cumpran tamén o resto de requisitos previstos nese artigo.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación temporal das medidas.*

As medidas establecidas nos artigos 9 ao 13 desta lei manteranse en vigor ata que a taxa de desemprego no noso país se sitúe por debaixo do 15 por cento, tal e como estableceza regulamentariamente o Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Disposición transitoria segunda. *Contratos e incentivos vixentes.*

1. Os contratos de traballo, así como as bonificacións e reducións nas cotas da Seguridade Social que se estivesen desfrutando por eles, subscritos con anterioridade á entrada en vigor da presente lei, rexeranse pola normativa vixente no momento da súa celebración ou, se é o caso, no momento de se iniciar o desfrute da bonificación ou redución.

2. A redacción dada por esta lei aos artigos 9, 10, 12 e 13, así como a disposición adicional quinta e a disposición derradeira cuarta, será aplicable aos contratos de traballo así como ás bonificacións e reducións nas cotas da Seguridade Social que se estivesen desfrutando por eles, celebrados entre o 24 de febreiro de 2013 e a data de entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria terceira. *Contratos preexistentes.*

Quedarán suxeita ás disposicións da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, coas modificacións introducidas nesta lei, a execución dos contratos celebrados con anterioridade á entrada en vigor desta última, a partir dun ano contado desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición transitoria cuarta. *Licenzas para novas instalacións de subministración.*

As licenzas municipais que se soliciten para a construción das instalacións de subministración nos establecementos e zonas a que se refire o artigo 3 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, que xa dispoñan de licenza municipal para o seu funcionamento no momento da entrada en vigor desta lei entenderanse concedidas por silencio administrativo positivo se non se notifica resolución expresa dentro dos 45 días seguintes ao da data de presentación da solicitude. Transcorrido este prazo, o promotor comunicarlle a data prevista de comezo das obras de construción da instalación á autoridade responsable da concesión da dita licenza.

Disposición transitoria quinta. *Contratos en exclusiva dos operadores por xunto.*

1. Os operadores por xunto de produtos petrolíferos cunha cota de mercado superior ao 30 por cento non poderán incrementar o número de instalacións en réxime de propiedade ou en virtude de calquera outro título que lles confira a xestión directa ou indirecta da instalación, nin subscribir novos contratos de distribución en exclusiva con distribuidores polo miúdo que se dediquen á explotación da instalación para a

subministración de combustibles e carburantes a vehículos, con independencia de quen teña a titularidade ou dereito real sobre ela.

Non obstante o anterior, poderanse renovar cando expiren os contratos preexistentes aínda que con isto se supere a cota de mercado anteriormente expresada.

2. Para os efectos de computar a porcentaxe de cota de mercado anterior, terase en conta o seguinte:

a) O número de instalacións para subministración a vehículos incluídas na rede de distribución do operador por xunto ou operadores do mesmo grupo empresarial, contidas en cada provincia. No caso dos territorios extrapeninsulares, o cómputo farase para cada illa e para Ceuta e Melilla de maneira independente.

b) Consideraranse integrantes da mesma rede de distribución todas as instalacións que o operador principal teña en réxime de propiedade, tanto nos casos de explotación directa como en caso de cesión a terceiros por calquera título, así como aqueles casos en que o operador por xunto teña subscritos contratos de subministración en exclusiva co titular da instalación.

c) Entenderase que forman parte da mesma rede de distribución todas aquelas instalacións de subministración a vehículos cuxa titularidade, segundo o disposto na alínea anterior, corresponda a unha entidade que forma parte dun mesmo grupo de acordo co disposto no artigo 42 do Código de comercio.

3. Mediante resolución do director xeral de Política Enerxética e Minas determinarase anualmente a listaxe de operadores por xunto de produtos petrolíferos cunha cota de mercado superior á porcentaxe establecida. Esta resolución publicarase no «Boletín Oficial del Estado».

4. No prazo de cinco anos, ou cando a evolución do mercado e a estrutura empresarial do sector o aconsellen, o Goberno poderá revisar a porcentaxe sinalada no número 1 ou acordar o levantamento da prohibición imposta nesta disposición.

Disposición transitoria sexta. *Inicio de efectos das modificacións en materia de igualdade de trato entre mulleres e homes.*

O disposto nas disposicións derradeiras décimo terceira e décimo cuarta será de aplicación ás pensións e aos seguros privados, voluntarios e independentes do ámbito laboral, e aos servizos financeiros afíns, que deriven de contratos celebrados a partir do 21 de decembro de 2012.

Para estes efectos, entenderase por contrato celebrado despois do 21 de decembro de 2012 a modificación, prórroga, ratificación ou calquera outra manifestación de vontade contractual que implique o consentimento de todas as partes e teña lugar con posterioridade a tal data.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a disposición transitoria primeira do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos.

Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

O título I da presente lei dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.7.^a, 17.^a e 18.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as materias de lexislación laboral, sen prexuízo da súa execución polos órganos das comunidades autónomas, e de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, sen prexuízo da execución dos seus servizos polas comunidades autónomas, e de lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas, respectivamente.

O título II dítase ao abeiro das competencias atribuídas ao Estado no artigo 149.1.11.^a da Constitución en materia de bases da ordenación do crédito, banca e seguros.

As medidas relativas á ampliación dunha nova fase do mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais e comunidades autónomas afectan as obrigas de pagamento derivadas da contratación de obras, subministracións ou servizos, polo que a competencia se reconduce, fundamentalmente, neste caso ao artigo 149.1.18.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva para ditar lexislación básica sobre contratos e concesións administrativas.

Sería, por isto, este título competencial o que habilitaría o Estado para establecer medidas normativas de carácter básico para previr a morosidade no pagamento de débedas xurdidas en operacións comerciais entre empresarios e Administración pública, como consecuencia dos contratos administrativos subscritos entre as partes.

Non obstante, as medidas que afectan as facendas locais encádranse no artigo 149.1.14.^a, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre «Facenda xeral e débeda do Estado», que neste caso prevalece sobre o artigo 149.1. 18.^a CE.

Así mesmo, prevalece a competencia do artigo 149.1.14.^a CE no que se refire ás especialidades do procedemento aplicable para a subministración de información por parte das comunidades autónomas e o pagamento de facturas.

O capítulo II do título III dítase ao abeiro do artigo 149.1.6.^a e 8.^a da Constitución, que establece a competencia do Estado en materia de lexislación mercantil e civil.

O título IV dítase ao abeiro do artigo 149.1. 21.^a e 24.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre os ferrocarrís e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma e sobre as obras públicas de interese xeral.

O disposto no título V da presente lei ten carácter básico ao se ditar ao abeiro das competencias que corresponden ao Estado no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

O disposto na disposición transitoria sexta e nas disposicións derradeiras décimo terceira e décimo cuarta da presente lei teñen carácter básico ao se ditar ao abeiro das competencias que corresponden ao Estado no artigo 149.1.1.^a, que lle atribúe a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois, no artigo 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases da ordenación dos seguros e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

A disposición derradeira cuarta dítase ao abeiro do artigo 149.1.7.^a en materia de lexislación laboral.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.*

Suprímese o último parágrafo da alínea c) do artigo 11.1 do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, que queda redactada como segue:

«c) Ningún traballador poderá estar contratado en prácticas na mesma ou distinta empresa por tempo superior a dous anos en virtude da mesma titulación ou certificado de profesionalidade.

Tampouco se poderá estar contratado en prácticas na mesma empresa para o mesmo posto de traballo por tempo superior a dous anos, aínda que se trate de distinta titulación ou distinto certificado de profesionalidade.

Para os efectos deste artigo, os títulos de grao, máster e, se é o caso, doutoramento, correspondentes aos estudos universitarios, non se considerarán a mesma titulación salvo que ao ser contratado por primeira vez mediante un contrato

en prácticas o traballador estivese xa en posesión do título superior de que se trate.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal.*

A Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, queda modificada como segue:

Un. O número 2 do artigo 6 queda redactado do modo seguinte:

«2. Poderanse celebrar contratos de posta á disposición entre unha empresa de traballo temporal e unha empresa usuaria nos mesmos supostos e baixo as mesmas condicións e requisitos en que a empresa usuaria podería celebrar un contrato de duración determinada conforme o disposto no artigo 15 do Estatuto dos traballadores.

Así mesmo, poderanse celebrar contratos de posta á disposición entre unha empresa de traballo temporal e unha empresa usuaria nos mesmos supostos e baixo as mesmas condicións e requisitos en que a empresa usuaria podería celebrar un contrato para a formación e a aprendizaxe conforme o disposto no artigo 11.2 do Estatuto dos traballadores.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 7, que queda redactado do modo seguinte:

«1. En materia de duración do contrato de posta á disposición, aplicarase o disposto nos artigos 11.2 e 15 do Estatuto dos traballadores e nas súas disposicións de desenvolvemento para a modalidade de contratación correspondente ao suposto do contrato de posta á disposición, sen prexuízo do disposto no artigo 12.3 desta lei en canto aos eventuais períodos de formación previos á prestación efectiva de servizos.»

Tres. O número 2 do artigo 10 queda redactado do seguinte modo:

«2. As empresas de traballo temporal poderán celebrar contratos para a formación e a aprendizaxe cos traballadores contratados para seren postos á disposición das empresas usuarias de acordo co previsto na normativa reguladora do contrato para a formación e a aprendizaxe.»

Catro. Inclúese un novo número 3 bis no artigo 12 coa seguinte redacción:

«3 bis. As empresas de traballo temporal que celebren contratos para a formación e a aprendizaxe con traballadores contratados para seren postos á disposición das empresas usuarias deberán cumprir as obrigas en materia formativa establecidas no artigo 11.2 do Estatuto dos traballadores e nas súas normas de desenvolvemento.»

Cinco. O número 2 do artigo 11 queda redactado do seguinte modo:

«2. Cando o contrato se concertase por tempo determinado, e nos mesmos supostos a que fai referencia o artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, o traballador terá dereito, ademais, a recibir unha indemnización económica cando finalice o contrato de posta á disposición equivalente á parte proporcional da cantidade que resultaría de aboar doce días de salario por cada ano de servizo, ou á establecida, se é o caso, na normativa específica que sexa de aplicación. A indemnización poderá ser rateada durante a vixencia do contrato.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do artigo 3 da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.*

Modifícase o artigo 3.2 da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, que queda redactado como segue:

«2. As empresas que, cando finalice a súa duración inicial ou prorrogada, transformen en contratos indefinidos os contratos para a formación e a aprendizaxe, calquera que sexa a data da súa celebración, terán dereito a unha redución na cota empresarial á Seguridade Social de 1.500 euros/ano, durante tres anos. No caso de mulleres, esta redución será de 1.800 euros/ano.

No suposto de traballadores contratados para a formación e a aprendizaxe e postos á disposición de empresas usuarias, estas terán dereito, nos mesmos termos, a idéntica redución cando, sen solución de continuidade, concerten con estes traballadores un contrato de traballo por tempo indefinido.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.*

O Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, queda modificado como segue:

Un. Engádesse un artigo 6 bis, nos seguintes termos:

«Artigo 6 bis. *Contratos para a formación e a aprendizaxe celebrados por empresas de traballo temporal.*

As empresas de traballo temporal poderán celebrar contratos para a formación e a aprendizaxe cos traballadores contratados para seren postos á disposición das empresas usuarias de conformidade co previsto no artigo 11.2 do Estatuto dos traballadores e no presente real decreto.

En particular, a empresa de traballo temporal será a responsable das obrigas relativas aos aspectos formativos do contrato para a formación e a aprendizaxe establecidos no capítulo II do título II. A formación inherente ao contrato poderase impartir na propia empresa de traballo temporal sempre que cumpra cos requisitos establecidos no artigo 18.4.»

Dous. O número 1 do artigo 20 queda redactado do seguinte modo:

«1. A persoa titular da empresa deberá tutelar o desenvolvemento da actividade laboral, xa sexa asumindo persoalmente esa función, cando desenvolva a súa actividade profesional na empresa, xa sexa designando, entre o seu cadro de persoal, unha persoa que exerza a titoría; sempre que, en ambos os dous casos, esta posúa a cualificación ou experiencia profesional adecuada.

Nos supostos de contratos para a formación e a aprendizaxe celebrados por empresas de traballo temporal, no contrato de posta á disposición entre a empresa de traballo temporal e a empresa usuaria designarase a persoa da empresa usuaria que se encargará de tutelar o desenvolvemento da actividade laboral do traballador e que actuará como interlocutora coa empresa de traballo temporal para estes efectos; esta última deberá asumir o resto de obrigas relativas ás titorías vinculadas ao contrato e ao acordo para a actividade formativa previstas no presente e no seguinte artigo.»

Disposición derradeira sexta. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase ao dereito español a Directiva 2011/7/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de febreiro de 2011, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Disposición derradeira sétima. *Modificación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.*

Un. O número 4 do artigo 216 queda redactado como segue:

«4. A Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes ao da data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados, sen prexuízo do establecido no artigo 222.4, e, de se demorar, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do dito prazo de trinta días, os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que proceda o inicio do cómputo de prazo para a devindicación de xuros, o contratista deberá ter cumprido a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

Sen prexuízo do establecido nos artigos 222.4 e 235.1, a Administración deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados dentro dos trinta días seguintes ao da entrega efectiva dos bens ou prestación do servizo, salvo acordo expreso en contrario establecido no contrato e nalgún dos documentos que rexan a licitación.

En todo caso, se o contratista incumpre o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo, a devindicación de xuros non se iniciará ata transcorridos trinta días desde a data de presentación da factura no rexistro correspondente, sen que a Administración aprobase a conformidade, se procede, e efectuese o correspondente aboamento.»

Dous. O número 4 do artigo 222 queda redactado nos seguintes termos:

«4. Excepto nos contratos de obras, que se rexerán polo disposto no artigo 235, dentro do prazo de trinta días contados desde a data da acta de recepción ou conformidade, deberá acordarse e ser notificada ao contratista a liquidación correspondente do contrato e aboárselle, de ser o caso, o saldo resultante. Non obstante, se a Administración pública recibe a factura con posterioridade á data en que ten lugar a dita recepción, o prazo de trinta días contarase desde que o contratista presente a citada factura no rexistro correspondente. De se producir demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.»

Tres. O número 5 do artigo 228 queda redactado como segue:

«5. O contratista poderá pactar cos subministradores e subcontratistas prazos de pagamento superiores aos establecidos no presente artigo, respectando os límites previstos no artigo 4.3 da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, sempre que este pacto non constitúa unha cláusula abusiva de acordo cos criterios establecidos no artigo 9 da Lei 3/2004, do 29 de decembro, e que o pagamento se

instrumente mediante un documento negociable que comporte a acción cambiaria, cuxos gastos de desconto ou negociación sexan, na súa integridade, por conta do contratista. Adicionalmente, o subministrador ou subcontratista poderá exixir que o pagamento se garanta mediante aval.»

Catro. A alínea f) do número 1 da disposición adicional décimo sexta queda redactada nos seguintes termos:

«f) Todos os actos e manifestacións de vontade dos órganos administrativos ou das empresas licitadoras ou contratistas que teñan efectos xurídicos e se emitan durante o procedemento de contratación deben ser autenticados mediante unha sinatura electrónica recoñecida de acordo coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica. Os medios electrónicos, informáticos ou telemáticos empregados deben poder garantir que a sinatura se axusta ás disposicións desta norma.

Non obstante o anterior, as facturas electrónicas que se emitan nos procedementos de contratación rexeranse neste punto polo disposto na normativa especial que resulte de aplicación.»

Cinco. Engádesse unha nova disposición adicional trixésimo terceira co seguinte contido:

«Disposición adicional trixésimo terceira. *Obriga de presentación de facturas nun rexistro administrativo e identificación de órganos.*

1. O contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ou bens entregados ante o correspondente rexistro administrativo para efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a que corresponda a súa tramitación.

2. Nos pregos de cláusulas administrativas para a preparación dos contratos que se aproben a partir da entrada en vigor da presente disposición incluírase a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano de contratación e do destinatario, que deberán constar na factura correspondente.»

Disposición derradeira oitava. *Dereito supletorio.*

No non previsto no capítulo I do título III desta lei aplicarase supletoriamente o disposto no Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais, e o Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, así como o Acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira, do 6 de marzo de 2012, polo que se fixan as liñas xerais dun mecanismo extraordinario de financiamento para o pagamento aos provedores das comunidades autónomas.

Disposición derradeira novena. *Modificación do Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores.*

Modifícase o artigo 9 do Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o Financiamento dos Pagamentos a Provedores, que queda redactado como segue:

«Artigo 9. *Axente de pagamentos.*

Corresponderá ao Instituto de Crédito Oficial a administración e xestión das operacións que se concerten ao abeiro deste real decreto lei, o mantemento da contabilidade do Fondo, así como outros servizos de xestión financeira e ordinaria

que o Consello Reitor do Fondo decida atribuírlle. Todo isto mediante o pagamento da correspondente compensación económica.»

Disposición derradeira décima. *Modificación do Real decreto lei 21/2012, do 13 de xullo, de medidas de liquidez das administracións públicas e no ámbito financeiro.*

Modifícase o artigo 15 do Real decreto lei 21/2012, do 13 de xullo, de medidas de liquidez das administracións públicas e no ámbito financeiro, que queda redactado como segue:

«Artigo 15. *Retención dos recursos do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común.*

Os recursos do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común que se adhiran a este mecanismo responderán das obrigas contraídas co Estado, mediante retención, de conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas. Todo isto sen que poida quedar afectado o cumprimento das obrigas derivadas das operacións de endebedamento con institucións financeiras multilaterais nin das demais obrigas derivadas das operacións de endebedamento financeiro establecidas no plan de axuste.»

Disposición derradeira décimo primeira. *Habilitación normativa e desenvolvemento regulamentario.*

Facúltanse o Goberno e os titulares dos ministerios de Xustiza, Facenda e Administracións Públicas, Fomento, Emprego e Seguridade Social, Industria, Enerxía e Turismo, e Economía e Competitividade para ditaren, no ámbito das súas respectivas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido nesta lei.

Disposición derradeira décimo segunda. *Modificación de disposicións regulamentarias.*

As modificacións que, a partir da entrada en vigor da presente lei, se poidan realizar respecto ás normas regulamentarias que son obxecto de modificación por ela poderán efectuarse por normas do rango regulamentario correspondente á norma en que figuran.

Disposición derradeira décimo terceira. *Modificación da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.*

Modifícase a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, nos seguintes termos:

«Un. Suprímese o segundo parágrafo do número 1 do artigo 71. Factores actuariais.

Dous. Suprímese a disposición transitoria quinta. Táboas de mortalidade e supervivencia.»

Disposición derradeira décimo cuarta. *Modificación do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro.*

Modifícase o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, engadíndolle unha nova disposición adicional décimo segunda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo segunda. *Igualdade de trato entre mulleres e homes.*

Dentro do ámbito de aplicación da Directiva 2004/113/CE do Consello, do 13 de decembro de 2004, relativa á aplicación do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes no acceso a bens e servizos e á súa subministración, non se poderán establecer, no cálculo das tarifas dos contratos de seguro, diferenzas de trato entre mulleres e homes nas primas e prestacións das persoas aseguradas, cando aquelas consideren o sexo como factor de cálculo.»

Disposición derradeira décimo quinta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de xullo de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO I

Forman parte da rede ferroviaria de interese xeral:

a) Liñas e tramos contidos no seguinte cadro:

Liña	Orixe	Destino
010	MADRID-PUERTA DE ATOCHA.	SEVILLA-SANTA JUSTA.
012	MADRID-PUERTA DE ATOCHA.	CAMBIADOR ATOCHA.
016	MAJARABIQUE.	CAMBIADOR MAJARABIQUE.
018	BIF. CERRO NEGRO/STA. CATALINA.	CTT CERRO NEGRO AV.
020	LA SAGRA.	TOLEDO.
022	CAMBIADOR ALCOLEA.	BIF.CAMBIADOR ALCOLEA.
024	YELES AGULLA km 34,397.	BIF. BLANCALES.
030	BIF. MÁLAGA-A. V.	MARÍA ZAMBRANO.
032	ANTEQUERA-SANTA ANA.	CAMBIADOR ANTEQUERA.
040	BIF. TORREJÓN DE VELASCO.	VALENCIA-JOQUÍN SOROLLA.
042	BIF. ALBACETE.	ALBACETE-LOS LLANOS.
050	LÍMITE ADIF - TP FERRO.	MADRID-PUERTA DE ATOCHA.
052	CAMBIADOR PLASENCIA DE JALÓN.	BIF. CAMBIADOR PLASENCIA DE JALÓN.
054	BIF. CANAL IMPERIAL.	BIF. MONCASI.
056	BIF. ARTESA DE LLEIDA.	BIF. LES TORRES DE SANUI.
060	BIF. CAMBIADOR ZARAGOZA-DELICIAS.	CAMBIADOR ZARAGOZA-DELICIAS.
066	BIF. CAN TUNIS-A. V.	CAN TUNIS-A. V.
068	VALLECAS AV - AGULLA km 12,300.	LOS GAVILANES - AGULLA km 13,400.
070	BIF. HUESCA.	HUESCA.
072	CTT FUENCARRAL AV.	CAMBIADOR MADRID-CHAMARTÍN.
074	CAMBIADOR MEDINA DEL CAMPO.	OLMEDO-AV.-AG. km 133.9.
076	CAMBIADOR VALDESTILLAS.	BIF. CAMBIADOR VALDESTILLAS.
078	CAMBIADOR VALLADOLID C. GRANDE.	VALLADOLID-CAMPO GRANDE.
080	VALLADOLID-CAMPO GRANDE.	MADRID-CHAMARTÍN.
082	BIF. A GRANDEIRA AG. km 85,0.	BIF. COTO DA TORRE.
100	FRONTEIRA HENDAYA/IRÚN.	MADRID-CHAMARTÍN.
102	BIF. ARANDA.	MADRID-CHAMARTÍN.
104	ALCOBENDAS-S. SEBASTIÁN DE LOS REYES.	UNIVERSIDADE-CANTOBLANCO.
106	FRONTEIRA HENDAYA/IRÚN.	IRÚN.
108	VALLADOLID-CAMPO GRANDE.	LA CARRERA (CGD).
110	SEGOVIA.	VILLALBA DE GUADARRAMA.
112	BIF. LIÑA MADRID-HENDAYA.	VALLADOLID-ARGALES.
116	LOS COTOS.	CERCEDILLA.
120	FRONTEIRA VILAR FORMOSO/FUENTES DE OÑORO.	MEDINA DEL CAMPO.
122	SALAMANCA.	ÁVILA.
124	SALAMANCA.	VALDUNCIEL (CGD).
126	ARANDA DE DUERO-MONTECILLO.	ARANDA DE DUERO-CHELVA (CGD.).
130	GIJÓN-SANZ CRESPO.	VENTA DE BAÑOS.
132	BIF. TUDELA-VEGUÍN.	ABLAÑA.
134	LEÓN-CLASIFICACIÓN.	TORNEROS.
138	BIF. GALICIA.	BIF. BASE LEÓN.
140	BIF. TUDELA-VEGUÍN.	EL ENTREGO.
142	SOTO DE REY.	BIF. OLLONIEGO.
144	SAN JUAN DE NIEVA.	VILLABONA DE ASTURIAS.
146	BIF. VIELLA.	BIF. PEÑA RUBIA.
148	TRASONA.	NUBLEDO.
150	ABOÑO.	SERIN.

Liña	Orixe	Destino
152	GIJÓN-PORTO.	VERIÑA.
154	LUGO DE LLANERA.	TUDELA-VEGUÍN.
160	SANTANDER.	PALENCIA.
162	SOLVAY FACTORÍA (CGD).	SIERRAPANDO (APD).
164	PALENCIA ARROYO VILLALOBÓN.	MAGAZ.
166	BIF. RUBENA.	VILLAFRÍA.
168	VILLAFRÍA.	BIF. RUBENA-AG. km 377,3.
172	CAMBIADOR MADRID-CHAMARTÍN.	MADRID-CHAMARTÍN.
174	MEDINA DEL CAMPO.	CAMBIADOR MEDINA DEL CAMPO.
176	VALDESTILLAS.	CAMBIADOR VALDESTILLAS.
178	VALLADOLID-AG. km 250.2.	CAMBIADOR VALLADOLID C. GRANDE.
200	MADRID-CHAMARTÍN.	BARNA.-EST. DE FRANÇA.
202	TORRALBA.	CASTEJÓN DE EBRO.
204	BIF. CANFRANC.	CANFRANC.
208	SAN JUAN DE MOZARRIFAR.	SAN GREGORIO.
210	MIRAFLORES.	TARRAGONA.
212	HOYA DE HUESCA-AGULLA km 2,3.	BIF. HOYA DE HUESCA.
214	C.I.M. DE ZARAGOZA.	LA CARTUJA.
216	BIF.PLAZA-AG. km1,4.	BIF. PLAZA-AG. km 8,7.
218	BIF. PLAZA.	ZARAGOZA-PLAZA.
220	LLEIDA-PIRINEUS.	L'HOSPITALET DE LLOBREGAT.
222	FRONTEIRA LA TOUR DE CAROL-ENVEIGT/PUIGCERDÁ.	MONTCADA-BIFURCACIÓN.
224	CERDANYOLA UNIVERSITAT.	CERDANYOLA DEL VALLÈS.
230	LA PLANA-PICAMOIXONS.	REUS.
234	REUS.	CONSTANTI.
238	CASTELLBISBAL-AGULLAS LLOBREGAT.	BARCELONA-MORROT.
240	SANT VICENÇ DE CALDERS.	L'HOSPITALET DE LLOBREGAT.
242	MARTORELL-SEAT.	AGULLA km 71,185.
244	AGULLA km 70,477.	AGULLA km 0,500.
246	MOLLET-SANT FOST.	CASTELLBISBAL-AGULLAS RUBI.
250	BELLVITGE AGULLA km 674,8.	L'HOSPITALET DE LLOBREGAT.
254	AEROPORT.	EL PRAT DE LLOBREGAT.
260	FIGUERES-VILAFANT.	VILAMALLA.
262	BIF. SAGRERA.	BIF. CLOT.
264	MONTCADA-BIFURCACIÓN.	BIF. AIGÜES.
266	BIF. GLORIAS.	BIF. VILANOVA.
268	BIF. SAGRERA.	BIF. ARAGO.
270	FRONTEIRA CERBERÉ/PORTBOU.	BIF. SAGRERA.
274	FRONTEIRA CERBERÉ/PORTBOU.	PORTBOU.
276	MAÇANET-MASSANES.	BIF. SAGRERA.
278	LA LLAGOSTA.	BIF. NÓ MOLLET.
280	BIF. MOLLET.	BIF. NÓ MOLLET.
282	CAMBIADOR PLASENCIA DE JALÓN.	CAMBIADOR PLASENCIA-AG. km 308,6.
284	CIM-AGULLA km 337,1.	CIM-AGULLA km 0,7.
286	LA CARTUJA-AGULLA km 23,3.	LA CARTUJA-AGULLA km 351,1.
288	MIRAFLORES-AGULLA km 345,6.	MIRAFLORES-AGULLA km 0,9.
290	CIM-AGULLA km 337,1.	CAMBIADOR ZARAGOZA-DELICIAS.
294	RODA DE BARÁ-CAMB. DE ANCHO.	RODA DE BARÁ.
298	GIRONA-MERCADERIES.	BIF. GIRONA MERCADORÍAS.
300	MADRID-CHAMARTÍN.	VALENCIA-ESTACIÓ DEL NORD.
302	AGULLA CLASIF. km 146,1.	ALCÁZAR DE SAN JUAN.
304	ALFAFAR-BENETUSSER.	VFSL - AG. km 1,3.
306	SAN VICENTE DE RASPEIG.	S. VICENTE DE RASPEIG-AGULLA km 448.

Liña	Orixe	Destino
308	ALBACETE-LOS LLANOS.	CAMBIADOR ALBACETE.
310	ARANJUEZ.	VALENCIA - SANT ISIDRE.
312	CASTILLEJO-AÑOVER.	ALGODOR.
314	XIRIVELLA-L'ALTER (APD).	VALENCIA - SANT ISIDRE.
318	CAMBIADOR ALBACETE.	ALBACETE-AGULLA km 279,4.
320	CHINCHILLA MONTEAR.AG. km 298,4.	CARTAGENA.
322	ÁGUILAS.	MURCIA CARGAS.
324	AGULLA km 0,8.	CARTAGENA.
326	AGULLA km 523,2.	ESCOMBRERAS.
328	VALENCIA-A. V.-AGULLA km 396,7.	CAMBIADOR VALENCIA.
330	LA ENCINA.	ALACANT-TERMINAL.
332	LA ENCINA AGULLA km 2,963.	CAUDETE.
334	SANT GABRIEL.	ALACANT-BENALUA (CGD).
336	EL REGUERÓN.	ALACANT-TERMINAL.
338	CAMBIADOR VALENCIA.	VALENCIA-JOQUÍN SOROLLA.
340	BIF. VALLADA.	XÀTIVA-AGULLA km 47,0.
342	ALCOI.	XÀTIVA.
344	GANDÍA.	SILLA.
346	GANDÍA PORT.	GANDÍA-MERCADERIES.
348	FORD.	SILLA.
360	LOS NIETOS.	CARTAGENA PZ BAS.
400	ALCÁZAR DE SAN JUAN.	CÁDIZ.
402	ESPELUY-AGULLA km 340,1.	JAÉN.
404	ESPELUY-AGULLA km 338,8.	ESPELUY-AGULLA km 150,5.
406	LAS ALETAS.	UNIVERSIDADE DE CÁDIZ (APD).
408	ALCOLEA-AGULLA km 431,9.	CAMBIADOR ALCOLEA.
410	LINARES-BAEZA.	ALMERÍA.
412	MINAS DEL MARQUESADO.	HUÉNEJA-DÓLAR.
414	BIF. ALMERÍA.	BIF. GRANADA.
416	MOREDA.	GRANADA.
418	ANTEQUERA-STA.ANA-AGLL. km 50,4.	ANTEQUERA-STA.ANA-AGLL. km 48,3.
420	BIF. LAS MARAVILLAS.	ALGECIRAS.
422	BIF. UTRERA.	FUENTE DE PIEDRA.
426	GRANADA.	FUENTE DE PIEDRA.
428	CAMBIADOR ANTEQUERA.	ANTEQUERA-SANTA ANA-AGULLA km 50,4.
430	BIF. CÓRDOBA - EL HIGUERÓN.	LOS PRADOS.
432	CÓRDOBA-CENTRAL.	EL HIGUERÓN.
434	CAMBIADOR CÓRDOBA.	VALCHILLÓN.
436	FUENGIROLA.	MÁLAGA-CENTRO ALAMEDA (APD).
440	BIF. LOS NARANJOS.	HUELVA-TERMO.
442	CAMBIADOR MAJARABIQUE.	BIF. LOS NARANJOS.
444	BIF. TAMARGUILLO.	LA SALUD.
446	BIF. CARTUJA.	CARTUJA.
450	BIF. LA NEGRILLA.	BIF. S. BERNARDO.
452	PUERTO DE SEVILLA (CGD).	LA SALUD.
454	CAMBIADOR MAJARABIQUE.	BIF. SAN JERÓNIMO.
456	LA SALUD-AGULLA km 6,2.	LA SALUD-AGULLA km 10,2.
458	MAJARABIQUE-ESTACIÓN.	BIF. SAN JERÓNIMO.
500	BIF. PLANETARIO.	VALENCIA DE ALCÁNTARA.
504	VILLALUENGA-YUNCLER.	ALGODOR.
508	BADAJOS.	km 517,6 (FRONTEIRA).
510	ALJUCÉN.	CÁCERES.
512	ZAFRA.	HUELVA-CARGAS.

Liña	Orixe	Destino
514	ZAFRA.	JEREZ DE LOS CABALLEROS (CGD).
516	MÉRIDA.	LOS ROSALES.
520	CIUDAD REAL.	BADAJOS.
522	MANZANARES.	CIUDAD REAL.
524	CIUDAD REAL-MIGUELTURRA.	BIF. POBLETE.
526	PUERTOLLANO.	PUERTOLLANO-REFINARÍA.
528	ALMORCHÓN.	MIRABUENO.
530	MONFRAGÜE.	PLASENCIA.
532	MONFRAGÜE-AGULLA km 255,4.	MONFRAGÜE-AGULLA km 4,4.
600	VALENCIA-ESTACIÓ DEL NORD.	SANT VICENÇ DE CALDERS.
602	VFSL - AG. km 2,3.	VALENCIA PORTO NORTE.
604	LES PALMES.	PORT DE CASTELLÓ.
606	VFSL - AG. km 1,3.	VALENCIA PORTO SUR.
608	CLASIFICACIÓN VALENCIA-F.S.L.	VFSL - AG. km 1,6.
610	SAGUNT.	BIF. TERUEL.
612	SAGUNT-AGULLA km 28,3.	SAGUNT-AGULLA km 268,8.
614	VALENCIA-AGULLA ESTACIÓN A.V.	VALENCIA-JOQUÍN SOROLLA.
620	TORTOSA.	L'ALDEA-AMPOSTA-TORTOSA.
622	AGULLA CLASIF. km 272,0.	TARRAGONA-CLASSIFICACIÓ.
624	AGULLA CLASIF. km 100,4.	TARRAGONA.
700	INTERMODAL ABANDO IND. PRIETO.	CASSETAS.
702	CABAÑAS DE EBRO.	GRISEN.
704	BIF. RIOJA.	BIF. CASTILLA.
710	ALTSASU.	CASTEJÓN DE EBRO.
712	BIF. km 534,0.	BIF. km 231,5.
720	SANTURTZI.	INTERMODAL ABANDO IND. PRIETO.
722	MUSKIZ.	DESERTU-BARAKALDO.
724	BILBAO MERCADORÍAS.	SANTURTZI.
726	BIF. LA CASILLA.	AGULLA DE ENLACE.
740	PRAVIA.	FERROL.
750	GIJÓN-SANZ CRESPO.	PRAVIA.
752	LAVIANA.	GIJÓN-SANZ CRESPO.
754	SOTIELLO.	PORTO EL MUSEL.
756	AGULLA ENLACE SOTIELLO.	AGULLA ENLACE VERIÑA.
758	LA MARUCA MERCADORÍAS.	PORTO AVILÉS.
760	OVIEDO.	TRUBIA.
762	SOTO UDRIÓN.	SAN ESTEBAN DE PRAVIA.
764	TRUBIA.	COLLANZO.
770	VALDECILLA LA MARGA.	OVIEDO.
772	LIÉRGANES.	OREJO.
774	PUERTO DE RAOS.	MALIAÑO (APD).
776	RIBADESELLA PORTO.	LLOVIO.
780	BILBAO LA CONCORDIA.	SANTANDER.
782	ARIZ.	BASURTO HOSPITAL.
784	LUTXANA-BARAKALDO.	IRAUREGUI.
790	ARANGUREN.	LA ASUNCIÓN UNIVERSIDADE/LEÓN.
792	MATALLANA.	LA ROBLA.
794	GUARDO.	TÉRMICA VELILLA.
800	A CORUÑA.	LEÓN.
802	TORAL DE LOS VADOS.	VILLAFRANCA DEL BIERZO (CGD).
804	BETANZOS-INFESTA.	FERROL.
806	LA BAÑEZA.	ASTORGA.
810	BIF. CHAPELA.	MONFORTE DE LEMOS.

Liña	Orixe	Destino
812	VIGO-GUIXAR.	BIF. CHAPELA.
814	GUILLAREI.	FRONTEIRA VALENÇA DO MINHO/TUI.
816	GUILLAREI-AG. km 141,6.	GUILLAREI-AG. km 0,9.
820	ZAMORA.	MEDINA DEL CAMPO.
822	ZAMORA.	A CORUÑA.
824	REDONDELA.	SANTIAGO DE COMPOSTELA.
826	CENTRAL TÉRMICA DE MEIRAMA.	CERCEDA-MEIRAMA.
828	FAXIL.	PORTAS.
830	BIF. UXES.	BIF. SAN CRISTÓBAL.
832	AGULLA km 545,4.	BIF. SAN DIEGO.
834	A CORUÑA-SAN DIEGO.	BIF. O BURGO.
836	BIF. LEÓN.	BIF. RÍO BERNESGA.
838	BIF. TORNEROS.	BIF. QUINTANA.
840	CERCEDA-MEIRAMA-AG. km 000,729.	MEIRAMA-PICARDEL.
842	BIF. RÍO SAR.	BIF. A GRANDEIRA AG. km 376,1.
900	MADRID-CHAMARTÍN.	MADRID-ATOCHA PROXIMIDADES.
902	PITIS.	HORTALEZA.
904	BIF. FUENCARRAL.	FUENCARRAL-AGULLA KM 4.5.
906	FUENCARRAL-COMPLEXO.	MADRID-CHAMARTÍN.
908	HORTALEZA.	AEROPORTO-T4.
910	MADRID-ATOCHA PROXIMIDADES.	PINAR DE LAS ROZAS.
912	LAS MATAS.	PINAR DE LAS ROZAS.
914	BIF. CHAMARTÍN.	BIF. P. PÍO.
916	DELICIAS.	MADRID-SANTA CATALINA.
920	MÓSTOLES - EL SOTO.	PARLA.
930	MADRID-ATOCHA PROXIMIDADES.	SAN FERNANDO DE HENARES.
932	MADRID-ATOCHA PROXIMIDADES.	MADRID-SANTA CATALINA.
934	MADRID-ABROÑIGAL.	BIF. REBOLLEDO.
936	SAN CRISTÓBAL INDUSTRIAL.	VILLAVERDE BAJO.
938	MADRID-ATOCHA PROXIMIDADES.	ASAMBLEA MADRID-ENTREVÍAS (APD).
940	O'DONNELL.	VICÁLVARO-CLASIFICACIÓN.
942	VILLAVERDE BAJO.	VALLECAS-INDUSTRIAL.
944	VICÁLVARO.	VICÁLVARO-CLASIFICACIÓN.
946	MADRID-SANTA CATALINA.	VILLAVERDE BAJO.
948	VICÁLVARO-CLASIF.AGULLA km 3,007.	BIF. VICÁLVARO-CLASIFICACIÓN.

b) Infraestruturas ferroviarias existentes no ámbito dos portos de interese xeral que se relacionan a continuación:

- Pasaia.
- Bilbao.
- Santander.
- Gijón-Musel.
- Avilés.
- Ferrol e a súa ría.
- A Coruña.
- Vilagarcía de Arousa.
- Marín e ría de Pontevedra.
- Vigo e a súa ría.
- Huelva.
- Sevilla e a súa ría.
- Cádiz e a súa baía.
- Baía de Algeciras.

- Málaga.
 - Almería.
 - Cartagena (que inclúe a dársena de Escombreras).
 - Alacant.
 - Gandía.
 - Valencia.
 - Sagunto.
 - Castelló.
 - Tarragona.
 - Barcelona.
- c) Tramo Figueras-fronteira francesa da sección internacional entre Figueras e Perpiñán.